



A Coral Polifonica do Porriño e o compositor Antonio Paz Valverde

Xose Ramon Paz Anton

EDITA:

CONCELLO DO PORRIÑO (EDICIÓN DIXITAL)

TEXTO:

XOSÉ RAMÓN PAZ ANTÓN

FOTOGRAFÍAS E DOCUMENTOS REPRODUCIDOS:

ARQUIVO MUNICIPAL DA IMAXE
CONCELLO DO PORRIÑO

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

ARQUIVO MUNICIPAL DA IMAXE
CONCELLO DO PORRIÑO

DATA DA EDICIÓN:

XUÑO 2010



1. ANTECEDENTES DO CORALISMO EN GALICIA E NO PORRIÑO



En 1860 cantaban uns coros campesinos porriñeses. Utilizaban a fórmula tradicional de subdividir o coro en dous grupos que alternaban o canto cada dous versos a modo de resposta de xeito semellante aos cantos dos cegos ambulantes. Estes cantores do rural porriñés entoaban os reis, vilancicos e romances de nadal que procedían da tradición oral ou do entorno musical relixioso tamizado pola particular interpretación popular. De feito, a alternancia de grupos no canto foi unha práctica ensaiada na música relixiosa (situando dous ou máis coros en diferentes lugares das catedrais). As múltiples voces tras percorrela súa respectiva parroquia camiñaban cara o Cristo de Belén e:

“allí convergían desde 1860, todos los años y el mismo día, los “Bandos de Reyes” de Cela, Torneiros y Pontellas. Mantón terciado, acompañado de flauta y al unísono, dedicaban sus primeros villancicos a aquel Santo Cristo: “En Belén nació un niño, -más hermoso que el sol bello- tiene frío el pobrecito, pañales allí llevemos”. Estes “Bandos de Reyes”, saturados de santidad e inocencia, eran luego recibidos y obsequiados espléndidamente en casi todos los hogares de la villa”¹.

Seguindo no ámbito das tradicións hai vestixios do que serían cantos corais nas celebracións do antroido. O primeiro director de banda porriñés coñecido², Leandro Diz Fortes, recolleu pezas populares que enviou para a colección de Casto Sampedro arredor de 1900. Entre elas un canto de antroido do barrio dos Aloques que só conserva a melodía e que non se incluíu na edición do Cancionero Musical de Galicia. Parece evidente que outras comparsas de antroido tiñan as súas cancións para cantar en grupo: así non é difícil imaxinar unha interpretación de Bagoiñas de Baldomir (que tanto gustaba ao “gran cantante” local Alfonso González Álvarez) na festa-escenificación de A Fiada do Casino (1911), uns hipotéticos pasodobles cantados polas comparsas Los Curros e Cerillas (1917), ou unhas *jotas* –posibelmente de zarzuela- que entoarían Los Baturros anos máis tarde. O propio carácter anual dos cantos dos reis, do antroido, das solemnidades litúrxicas e doutras variadas actividades de canto colectivo, xustifica que aparezan dominados pola inconstancia, a contratación de músicos e a improvisación de coros da comunidade. A mesma inconsistencia documental ten unha hipotética actividade relacionada co canto nas funcións teatrais e outras actividades das sociedades Casino e Liceo que, efectivamente, debeu existir aínda que os datos coñecidos aluden exclusivamente á música instrumental. Por tanto, O Porriño non contou con agrupacións corais anteriores nas que poder referenciar a obra da Coral Polifónica fundada en 1959. Quedan, si, antecedentes –locais e xerais- sobre as dúas facetas, a profana e a relixiosa, que caracterizan a proposta coral porriñesa.

A Coral Polifónica do Porriño presenta repertorios de carácter profano que manifestará basicamente en formato de concerto –son raros os certames, concursos ou festivais- e tamén en gravacións, emisións radiofónicas e televisivas. Este coro nace –como os coros da súa época- sobre uns antecedentes asociativos que emerxen na música europea durante o século XIX evolucionando en diversas direccións ao longo dos anos. A Revolución Francesa deixou aberto o protagonismo das clases populares e, no aspecto musical, traduciu estes ideais no crecemento da masa sonora musical, no aumento –mesmo colosal³- das agrupacións de músicos e cantores, e nunha certa simplificación das obras. Agora interesaba o



Comparasa de entroido "Los Baturros". 1920-1930 (?). Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

colectivo, a cidadanía, a agrupación, e esta idea fomenta o asociacionismo musical en coros e bandas populares e –avanzando o século– en orquestras sinfónicas e sociedades filharmónicas. A creación dos coros debe moito tamén ao nacente movemento obreiro e aos filósofos do socialismo utópico. A fundación en 1830 de *L'Orpheon* en París é data de referencia para un movemento iniciado en Alemaña e Francia que tardaría arredor de trinta anos en chegar a Galicia da man dos coros Clavé coa creación da Sociedad Coral Euterpe en Lugo no ano 1863. Os coros Clavé é a denominación que recibe o movemento de fundación e federación de coros iniciado por Anselmo Clavé con *La Fraternidad* en 1850, importando o modelo francés a través de Cataluña e dándolle difusión en toda a península cunha proliferación espectacular de orfeóns. O obxectivo dos coros Clavé era achegar os traballadores á música e á cultura nunha época en que se lles negaba tal posibilidade. Combinando estes intereses do movemento obreiro e coincidindo con gustos gremiais e artesáns dunha incipiente burguesía que vai extendendo os seus valores artísticos en casinos e sociedades, os orfeóns comezaron a fundarse na nosa terra. Pascual Veiga aparece como un dos destacados activistas coa creación do Orfeón Coruñés en 1875. Cinco anos despois competían en Pontevedra o Orfeón Coruñés dirixido agora por Castro *Chané*, o Lucense por Montes, o Brigantino por Veiga e o Pontevedrés por Dorado. Estas eran agrupacións que cantaban a voces iguais compostas exclusivamente por homes. Doutra banda, en 1883, o Coro Aires da Terra do boticario Perfecto Feijoo inaugura o movemento dos Coros Galegos fundándose

logo moitas agrupacións que nalgúns casos aínda permanecen en activo. Estes coros de identidade musical propia aportaban a ollada galega a outra das ideas principias do orfeonismo decimonónico: as cantigas populares e a súa posible harmonización. Supoñían tamén unha reacción fronte a un repertorio tópico do orfeonismo (“Thomas, Raventós y, sobre todo, Rillé”) no que, segundo Filgueira Valverde, a mellor parte estética correspondía ás composicións galegas⁴ (Veiga, Montes, Baldomir, Chané, etc.).

Os coros galegos, os orfeóns de casino, de federacións obreiras ou de sindicatos católicos, coexistiron nas seguintes décadas. Na súa variante obreira coñecemos a breve información que sitúa a existencia dun Orfeón Socialista no Porriño en 1904 como deixou apuntado Joaquina Labajo⁵. O dato é relevante porque foi un dos primeiros coros deste tipo fundados na Galicia, aparecendo o mesmo ano que os de Vigo e Pontevedra tras o ronsel do de Ourense que existía desde 1901. Este coro porriñés, seguramente de curta existencia, estaba relacionado coa Federación de Traballadores formada polas seccións de canteiros, carpinteiros e oficios varios, que por aquelas épocas dirixían José Francés González, Manuel Cabaleiro, Segundo Maqueira, Antonio Sío, Indalecio Viéitez e outros. Nada máis sabemos pero non dubidamos que cantarían *A Internacional* e outros himnos dos traballadores como era habitual neste tipo de orfeóns que, sen embargo, mantiña o groso do repertorio con pezas características do ambiente coral da época.



Membros do Partido Socialista do Porriño. Posiblemente a primeira executiva local. 1910-1928 (?). Foto José Moreira / AMI Concello do Porriño

Non coñecemos datos máis que incidentais de canto coral profano no Porriño e desde logo non atopamos a existencia de ningún orfeón ou coro, a excepción do socialista citado. Na proximidade xeográfica máis cercana citaremos a existencia en Tui do Orfeón Escolar Luisiano do Seminario dirixido por José Torres Creo (1891) e do *Orfeón del Liceo Artístico* dirixido por Arturo Besada (1892), aos que seguirían outros. Sen embargo, aínda que como mera espectadora, a sociedade porriñesa xa tiña acceso ao canto coral: unha compañía de zarzuela actuaba a primeiros de outubro de 1895 no Salón Rodríguez⁶. Tempo despois, en 1911, o orfeón *La Juventud Artística* de Tui resultaba gañador nun certame coral celebrado en Pontevedra. Na estación do Porriño é recibido pola banda de música de Marcelino Giráldez contratada para celebrar o éxito cunha verbena na Corredoira tudense. A presenza dos coros galegos na vila coñecémola en 1915 coa celebración dun “Concurso de A-la-lás” que contou coa participación do orfeón vigués *La Artística*, posuidor dun relevante arquivo de música tradicional que pasou a formar parte do *Cancionero Gallego* de Torner e Bal y Gay. O *Coro de La Artística* volvía en 1920 para participar na homenaxe que o pobo do Porriño

rende a Ramón González. Nesta ocasión os Exploradores porriñeses, a versión local dos *boy-scouts*, cantaron a coro un himno dedicado ao filántropo porriñés nacido en Ribadeo con letra do poeta Cabanillas e música do profesor “Sr. Álvarez”. O mesmo Cabanillas aparece nunha crónica de Jaime Solá presenciando a actuación dunha cantadora de cuplés no Café Fornos, crónica que remata co estilo xornalístico da época: “la condenada de la cupletista grita que se las pela, mostrando la morbidez de los extremos”⁷. Era 1918. Descubrimos tamén a existencia dunha agrupación de canto, en 1924, con motivo da celebración dun acto de afirmación anticaciquil realizado polas sociedades do agrarismo porriñés: “A la sociedad [agraria] de Budiño, acompañaba un coral femenino que interpretaban himnos”⁸. E en 1933, o canto era outra das múltiples actividades que desenvolvía o *Centro de Estudios Sociales y Científicos* porriñés, de inspiración anarquista e onde convivía a mocidade porriñesa das distintas esquerdas. Con motivo dunha representación teatral –*El primero de mayo* de Pietro Gori- sabemos que “Al comienzo y al final del drama el coro de la sociedad interpretará el hermoso himno *El Canto de Mayo*”⁹. É esta a única alusión que coñecemos sobre o coro desta sociedade.

Polos primeiros anos vinte, os orfeóns e os coros galegos comezarán a ser obxecto de crítica¹⁰ pola devaluación artística que tiñan acadado ao tempo que nacía unha proposta máis cultista baseada na polifonía do Renacemento, na música sinfónico-coral e na música popular harmonizada a voces mixtas. Respecto aos coros galegos reflexionábase que deberían realizar o seu labor na pureza folclórica -sen aditamentos nin harmonizacións- ou lanzarse ao ballet sobre temas populares. Este debate no que participa de xeito significativo Bal y Gay¹¹ dará como resultado práctico a fundación da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra en 1925. Castelao foi socio fundador ademais de escenógrafo e alí cantaba Alexandro Bóveda como un tenor apaixonado baixo a dirección de Antonio Blanco Porto. Ao noso xuízo este será o modelo que seguirá a coral porriñesa e boa parte das fundadas na segunda parte do século vinte. Coas particularidades de cada proxecto e de cada época, as corais seguen o ronsel da polifonía aberto polos de Pontevedra e unha elevación cara repertorios de maior elaboración. A coral porriñesa conservaría, sen embargo, elementos do orfeonismo como a composición e interpretación de melodías de poetas galegos ou a inclusión de autores como Veiga, Chané, Farto ou Montes. Pasados moitos anos a Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra actuou no CRC porriñés en 1973.

Complementa esta ollada xeral sobre o cantar profano no Porriño a actividade desprezada por Antonio Maceira Fernández en Bos Aires¹². Porriñés que foi neno de coro na catedral de Tui, músico na banda de Marcelino Giráldez, na municipal de Sagua la Grande (Cuba) e cantor no Coro do Centro Galego da Habana, na do reximento nº 54 que dirixía Manuel Fernández Amor, promotor de orquestras de baile en Arxentina e director de coros da emigración galega. Estivo á fronte do Coro Hipano Argentino a partir de 1937 que logo pasaría a denominarse Rosalía Castro onde seguía arredor de 1951. Traballaba tamén con coros como o Pascual Veiga do Centro Gallego de Avellaneda ou o Curros Enríquez da Federación de Sociedades Galegas. En 1952 é reponsábel do coro bonaerense Airiños de Vigo e a partir de 1959 do Coro Arrieiros de Mos. Foi organizador de orquestras de baile e compuxo unha serie de pezas como a *Pandeirada do Lourambal* que interpretaba con Airiños de Vigo na celebración do Día de Porriño en 1955. A súa obra en Arxentina non tivo conexión coa actividade coral no Porriño.

O canto relixioso ten en Galicia raíces moi profundas que se documentan a partir do século XV, e sobre todo XVI, nas capelas de música das catedrais. Tui foi, con certeza, o lugar de referencia musical das comarcas do sur durante séculos e unha das vías para iniciarse na profesión a través dos nenos do coro. Debeu haber máis porriñeses pero alomenos sabemos que o citado director de corais galegas en Bos Aires, Antonio Maceira, foi neno de coro naquela catedral. Os mestres (Benayas, Basterra, Gaspar Smith, Rábago, no caso tudense) compoñían a varias voces que soaban acompañadas dos instrumentos que formaban parte das Capelas de Música. Xa antes do século XIX a música catedralícea comeza a súa decadencia por motivos económicos e arredor de cen anos despois extinguirá paulatinamente a súa existencia. En certo modo a actividade de Antonio Paz Valverde na música relixiosa lémbra-nos a figura dos mestres de capela. Pola súa extensa obra, pola combinación dos papeis de director e creador, e polo contínuo traballo de renovación e reutilización de materiais que ollamos no porriñés e que distinguía aos compositores das catedrais agobiados pola petición de novas obras para todo tipo de estreas anuais. E se a dedicación constante de Antonio Paz lémbra-nos esa parte da historia musical, a propia coral sería a Capela de Música e así, efectivamente, participaron —e seguen a participar— dun innumeral de actuacións que realizan en diferentes igrexas da contorna. Existen, por tanto, paralelismos que indican a persistencia de usos e funcións na música relixiosa que dende o pasado chegan á actualidade aínda que as agrupacións musicais para a liturxia teñan mudado ao longo do tempo.

Pero cabe preguntarse, alí onde non había catedral ou institucións relixiosas relevantes ¿cómo se celebraban as funcións litúrxicas en relación á música?. Realmente pouco sabemos con anterioridade a 1890 exceptuando algunha visita de músicos da orquestra do Bispo que acudían nalgunha data sinalada ás poboacións do bispado. No caso porriñés non existiu, ata a fundación da Coral Polifónica, unha agrupación estábel, con actitude de constancia na interpretación de misas ou motetes. Dende as últimas décadas do século XIX desempeñaban este labor músicos de banda agrupados en orquestras da misa que cantaban e tocaban instrumentos cobrando os que poñían a voz un suplemento por este labor. Ademais aparecen coros circunstancias e voces solistas que focalizan boa parte da vida musical na última década do XIX. Así en 1890, un coro de nenos e nenas cantaron un himno ao Sagrado Corazón, música de Severiano Castillo, acompañados pola banda de música de Antonio Pereiro e ao recollese a procesión cantou “una preciosa aria de tenor el señor Bargiela”¹³. En 1891, a orquestra dirixida por Antonio Pereiro López estrea unha Misa na que interviron o “tenor Sr. Varela y el contra-alto Sr. Castro que saben cantar con gusto”. En 1892, a orquestra dirixida por Núñez “y el coro formado por los jóvenes de esta villa, interpretaron muy bien una armoniosa misa del Mtro. Piñeiro y cantaron varios motetes de Prado, Calahorra y Martínez Posse”. En 1893, o mesmo Núñez aparece á fronte dunha orquestra na misa de San Xosé en compañía dun numeroso coro de voces. Nese mesmo ano, ademais de destacar ao tenor Varela, “un afinado coro de jovenes dirigido por la celadora señorita doña Consuelo Vazquez, cantó varios motetes alusivos al acto. Este mismo coro fue el que durante el mes ejecutó hermosos y variados himnos con gusto y afinación inusitados en coros que no saben música”. Meses despois merecían xustos eloxios os “Sres. Núñez, padre e hijo. Este último cantó, durante el ofertorio, una plegaria, con sentimiento”. En 1895, a orquestra de Pereiro interpretaba obras dos mestre de capela de Tui mentres os coros estaban dirixidos polo Sr. Gutierrez. No funeral polas vítimas do navío Reina Regente a música de Giráldez acompañaba aos cantores Núñez, pai e fillo (outra vez), Castro Lado e o neno Giráldez.

No cambio de século decae a celebración festiva dos actos relixiosos desaparecendo os músicos das bandas que organizaban as orquestras da misa e asumindo a propia comunidade de crentes a execución musical. Xa en 1899, “un nutrido coro de jóvenes y una pequeña orquesta improvisada entre ellos mismos y compuesta de un violín, dos flautas, contrabajo y armonio amenizan estos actos”. De igual xeito, en 1900, no Sagrado Corazón, desaparece a orquesta e a banda tanto da misa como da procesión, sendo substituídas por un coro da mocidade acompañado ao armonium. Sobre a improvisación destes coros lembraba o autor da novela “Manoliño”:

“Y cuando había que representar cualquier ceremonia sagrada y para ello hacía falta un coro de señoritas, ella [Sara de “Boquita”] era quien las escogía entre las que formaban la congregación de las “Hijas de María” –de cuya institución de más está decir que era la caudilla-, y luego se las entregaba a Jesús de Loreño y a Leandrito de doña Redosinda. El primero las hacía entonar y el segundo tocábales el órgano.

Entre las coristas improvisadas, la que mejor voz tenía para cantar salmos era la hija de Xan Farruco que tenía la nariz bien formada”¹⁴.

Nas celebracións de especial solemnidade acudían á igrexa porriñesa músicos pertencentes ás capelas relixiosas coma Ángel Rodulfo, Torres Creo, o mestre Martínez Posse ou a propia orquesta da Catedral de Tui. Nas seguintes décadas a información sobre actividade coral na igrexa é moi reducida: En 1912, dous afamados cantores pertencentes ao coro Aires da Terra, Mercadillo e Torres, actúan na celebración das *Hijas de María*. En 1918, a procesión do Sagrado Corazón, volve á solemnidade de tempos pasados: orquesta e voces dirixidas por Isidro Puga. En 1928, o director de banda Emilio Teijeira Coto aparece dirixindo o coro “integrado por el bello sexo local” nas novenas. En 1933, por primeira vez detectamos no Porriño a denominación “coral polifónica” na celebración do Sagrado Corazón: a banda de Zúñiga participa na procesión ao tempo que, na parte relixiosa, unha Coral Polifónica da vila que dirixe Manuel Martínez [¿Posse?], interpretaba a “2ª misa pontifical” do mestre

Perossi. Dubidamos sobre o carácter improvisado ou estábel desta coral que non sabemos se é a mesma de 1936 cando na “iglesia parroquial dió comienzo la novena de Animas en la cual actúa la orquesta y coro de la Juventud católica que dirige el reputado músico, don Jesús Lorenzo”. A partir dese ano e ata finalizar a década dos corenta, a vida cultural e musical quedará estancada. En 1950, Antonio Paz Valverde inicia a súa actividade como organista na igrexa traballando con grupos de xoves da comunidade católica.



Membros do coro parroquial nunha excursión a Valença do Minho. 1957. Antonio Paz Valverde, Miguel Ángel Ruiz, Ramiro Legazpi, Joaquín Diz, Jesús Puente, Emilio Teijeira, José María Paz, Joaquín Alonso, Esteban Paz e Antero González. **Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño**

A sociedade porriñesa mantivo alomenos dende 1876 unha actividade destacada no eido das bandas de música que en diversos momentos chegou a simultanear en número de dúas e ata tres agrupacións contando a pequena banda de Budiño. A partir de 1928 houbo orquestras de baile. Resulta obvio que esta colectividade decanta cara os instrumentos e vai acumulando coñecemento e divulgación musical nunha vila predisposta para as artes musicais. Desa época quedou unha sensibilidade común cara a música constatada en diversos testemuños citados por Leandro Diz no seu libro *Recuerdos porriñeses*. A partir de 1950 recupérase paseniñamente a actividade cultural e artística e no Porriño proliferan as orquestras de baile, hai un intento de asentar de novo a banda de música con Carracedo (1955-1961) e fúndase a Coral Polifónica no remate desta década.

2. A CORAL POLIFÓNICA DO C.R.C. DO PORRIÑO A TRAVÉS DOS SEUS REPERTORIOS



O 20 de novembro de 1959 un grupo de amigos e afeccionados á música decidían formar unha coral no Porriño, ao parecer, despois de asistir a un concerto da Coral Casablanca. Aos poucos días, o que sería grupo nuclear da agrupación xa estaba ensaiando. Esta explicación tan sinxela da fundación da coral non sería posible de non ter en conta o traballo previo que Antonio Paz Valverde viña desenvolvendo no ámbito do canto coral porriñés. En 1952, con apenas quince anos, xa traballaba con agrupacións da Acción Católica e tocaba o órgano nas misas e funerais. Unha foto de 1957



Antes de que se fundara a Coral Polifónica do CRC, Antonio Paz xa dirixía e tocaba o órgano en pequenos coros parroquiais, como vemos nesta imaxe de 1957.

Foto Ramiro / AMI Concello do Porriño

desvela aos membros dun destes grupos: Esteban Paz, Antero González Limia, Jesús Puente, Santiago Iglesias Miniño, José María Paz, Sé de Viñas, Antonio de Cans, Joaquín Diz, Ramiro Legazpi, Manuel Valverde e Antonio Paz. Ao mesmo tempo participaba, durante esa década dos anos cincuenta, en números musicais para veladas ou festivais sociais que tiñan lugar no CRC como, por exemplo, o trío Ramiro Legazpi (voz), Esteban Coto (violín) e o propio Antonio (piano). Existen varias fotos destes festivais e un programa no que se especifica que Pablo Lorenzo tocaba pezas no acordeón (*Ópera flamenca*, *Corsaresca* ou unhas *Czardas*); Esteban Coto e Antonio Paz interpretaban (violín e piano) diversas obras de Schubert, Brahms e Beethoven; José Luis Palacín tocaba na harmónica *Canción india*, *Cerezo rosa* ou *¡Hello Mari!*; e Ramiro Legazpi cantaba *Torna surriente*, *O sole mio* ou *Estrellita* de M. Ponce que anos despois volvería a cantar coa coral. Naquela época había un programa radiofónico, *La provincia al habla*, emitido por *La voz de Vigo* que tiña por correspondente a Carlos Rodríguez Ávila, quen dicía: “En la emisora ya tienen la filiación de Ramiro Legazpi y José Luis Palacín. Estos en unión de algún otro, tienen –esta es mi modesta opinión- categoría sobrada para eso y mucho más [refírese á categoría para saír na radio]”¹⁵. Estes grupos que cantaban na misa e no teatro, relacionados pola amizade e a música, estaban implicados na creación da coral e foron voces “inasequibéis ó desalento” como dirían anos despois dende a revista *Acougo*. En setembro de 1959, no suplemento das festas do Cristo publicado por *El Correo Gallego*, aparece un artigo asinado por Pax co título “Petición para pronto” no que tras unha disertación sobre a música relixiosa apúntase a idea da creación da coral:



Festival Artístico Musical de Intérpretes Afeccionados Locais celebrado no Círculo Recreativo Cultural o 08/11/1958. Foto Magno / AMI Concello do Porriño

“Porriño, que sempre destacou como pueblo de fino paladar y gusto exquisito en sus realizaciones musicales que en años mejores cantó con dos agrupaciones destacadas, tiene hoy que sentir y siente la necesidad de algo más. Necesita de una Coral que lleve a nuestro pueblo y a nuestras casas los lamentos pasionales de Jesús en la Agonía y que sepa recoger el eco de la Madre que vela sola desde el trono de la capilla, mientras la mirada agonizante del Señor pasa por nuestras calles.

Para ti, y para ti y para tantos que os sé artistas, he escrito estas líneas y os pido un esfuerzo común para que pronto junto a lo clásico de nuestras fiestas, podamos tener y escuchar lo clásico de nuestra música espiritual.

Para todos con un voto de gracias, un gran abrazo. PAX”¹⁶.

Na fundación da coral porriñesa aproveitase un traballo previo ata tal punto que Antonio Paz “no percorrer do ano 1959 empeza a formar a Coral Polifónica do Porriño fusionando dous Coros de A. C. e engadindo outras voces de diversa procedencia e orixe ó amparo do Centro Cultural”¹⁷. Nos primeiros meses de 1960 fóronse incorporando novas voces e nas solemnidades de Semana Santa cantaban nos actos litúrxicos. Pouco despois, os días 24 e 25 de xuño, ofrecían o seu primeiro concerto no cine Capitol do Porriño as setenta e unha voces que compoñían a primeira formación da agrupación dirixida e organizada polo que sería o seu único director ao longo das tres décadas seguintes.

No escenario estaban as voces femininas de: (primeiras) María del Carmen Iglesias Pereiro, Teresa Areal Pérez, María Isabel Lorenzo González, Pacita Rodríguez Veiga, María Elena Rodríguez Domínguez, María Jesús Baladrón Carpintero, Sara Álvarez Alonso, María Rita Iglesias Miniño, Encarnación Silva Borrego, Teresa Paz Valverde, Dosinda Pexegueiro Darriba, María Jesús Paz Valverde, Carmen Teijeira González, María Rosario Bautista Hermida; (segundas) Lucha Riveiro Castro, Delita Lorenzo González, Marisé Legazpi Miniño, María del Carmen González Limia, Angelines Lorenzo Vázquez, Digna del Campo Pérez, Amadora Giráldez Rodríguez, Melita Rey Rodríguez, Ramona Teijeira Rodríguez, María Teresa Palacín Pereiro, Amparo Rodríguez Martínez, Meiji Rey Rodríguez, Esther Leirós Saavedra, Celsa Pazo Rodríguez, Angelines Areal Quinteiro, Lucila Palacin Pereiro.

No tocante aos homes participaban: (tenores) Antonio del Campo Mayo, José M^a Paz Valverde, Florencio García Medrano, Jesús Puente Giráldez, Narciso Dasilva, Jesús Boente Martínez, Ramiro Legazpi Miniño, Antonio Teijeira, Narciso Santos Alonso, José Antonio Coto Fernández, Valeriano Carrera Rodríguez, Luciano Baladrón Carpintero; (barítonos) Esteban Paz Valverde, Antonio Pereiro Pérez, Modesto Giráldez Ramírez, Antonio Fernández Nespereira, Marcial Rodríguez Ávila, José Ramón Barbosa Pérez, Ramón Iglesias Pereiro, Pablo Punzón Rodríguez, Jesús Álvarez Ordóñez, Joaquín Diz Tato, Benito Debén, Ricardo Pereiro Pérez, Ramón Iglesias Miniño, Ernesto Pereiro Pérez; (baixos) Manuel Coto

Maceira, Avelino Fernández Castro, Alberto Pereiro Pérez, Manuel Lorenzo Troncoso, José M^a Rodríguez Novo, Manuel Valverde Domínguez, Esteban Coto Maceira, José Santos Alonso, Antonio Penín Rodríguez, Ricardo Rodríguez Castro, Antonio Rodríguez Novo, Antonio Fernández Valverde, Luciano Toro Ruiz, José Luis Palacín Pereiro.





Fotografía da primeira actuación da Coral no cine Capitol, o 24 de xuño de 1960. FOTO MAGNO / AMI Concello do Porriño


Actuaban como solistas Teresa Paz, M^a Jesús Paz, Ramiro Legazpi e Carmen Teijeira, nalgúns números dun repertorio formado por *Adeste fideles*, *Cerca de ti*, *Señor de Adams*; *Minueto* de D. Juan de Mozart; *Canción de berce* de Brahms; *Maite* de Pablo Sorozábal; o *Coro de I Lombardi* de Giuseppe Verdi; *Canción do vello* de Schubert; a habanera *Renaces tú* do Dúo Vital e o *Morito pititón* coa harmonización realizada por Prieto. A maior parte destas cancións vertebrarán os programas que canta a Coral nos dous seguintes anos incorporando novos materiais musicais entre os que destacan por ser máis empregados o *Boga, boga, mariñela* de Guridi, *Fonte Frida* de Lasso (ou Lassus), *La sardana de las monges*, *El molondrón*, *Ave María*, unha *Coral* de Bach, *Gloria ao Señor* de Beethoven, *Peregrino da noite*, *Remende*, *Eu vin un día*. Outro grupo de pezas tiñeron interpretacións máis ocasionais neste periodo aínda que algunhas serán rescatadas ao longo da vida musical da agrupación: *Airiños, airiños, aires*, máis coros de *Nabucco*, *La pastoreta*, *L'Empordá*, *Peregrina*, a habanera *Tú*, *Ave verum*, *Coro das ruínas de Atenas* de Beethoven, *Pandeirada* de Rodolfo ou *Panis angelicus*. Destaca o afán por divulgar a obra de grandes autores do Clasicismo e do Romanticismo europeo ao tempo que exploran diversos xéneros asociados ao mundo coral popular, especialmente habaneras, zarzuelas e obras de inspiración relixiosa. Ademais aparecen, entre 1960 e 1962, os primeiros apuntes do que serán propostas características da coral porriñesa: o madrigalismo, os espirituais negros e a canción galega. Concretamente

en 1962, a Coral estrea o espiritual *Meu vello río* de S. Foster e as primeiras composicións galegas de Antonio Paz Valverde, *Nouturno* e *Canzón do paxariño*.


Esta etapa inicial distinguíase por unha intensa actividade de formación, con moitos concertos, ensaios diarios e un afán de superación en todos os seus compoñentes que conseguiu non só crear un excelente proxecto artístico senón contaxiar entusiasmo á comunidade porriñesa que atopaba unha nova vía de disfrutar a música como noutros tempos fixera coas nomeadas bandas porriñesas dos anos vinte e trinta. Aínda non pasara un ano e xa se percibía o proxecto con solidez de forma que á hora de escoller o máis relevante do CRC “directivos y socios, contestaríamos por unanimidad, que la Coral Polifónica, formada por un nutrido grupo de muchachos y muchachas, cuyo entusiasmo y desvelos, presagia muchos éxitos y parabienes para el Círculo...”¹⁸. A coral comezaba a irradiar a súa actividade nestes primeiros tempos a Cabral, Tomiño, Marín, Redondela, Pontearreas, Bouzas, A Cañiza, Vigo, Cangas e outras vilas, nun proceso de espallamento ata que, en poucos anos, será recoñecida como unha coral relevante do panorama galego.



Programa de man da estrea da Coral Polifónica do C.R.C. Celebráronse dúas función en días consecutivos. A coral foi precedida os dous días pola *Agrupación de Aficionados del Arte del Círculo* que interpretaron a obra teatral “Francisca Alegre y Olé” de Antonio de Lara. **Colección programas de man da Coral / AMI Concello do Porriño**



O Boletín de la Sociedad Residentes del Municipio de Porriño daba información detallada de todo o relativo á Coral do CRC



E ese mesmo entusiasmo tivo o seu correlato na comunidade porriñesa da emigración que destaca no seu boletín bonaerense a boa nova da fundación ao tempo que deixa información de interese relativa aos anos 1961 e 62. En efecto, en 1961 tivo lugar no Porriño un concerto que foi gravado en cinta magnetofónica. Logo a gravación foi enviada á *Sociedad Residentes de Porriño en Buenos Aires*, ao parecer por iniciativa de Leandro Diz Rey que incluía a súa mensaxe de salutación xunto ás de José Carrera Domínguez, Antonio Valverde Mayo e Porfirio González Gradín (entón alcalde do Concello)¹⁹.

“Además contiene la cinta un gran concierto de música selecta que se inicia con el himno de Galicia, de Pondal y Veiga, magistralmente ejecutado por la Coral Polifónica del Centro Recreativo Cultural de Porriño, cuya dirección está a cargo de don Antonio Paz Valverde.

Este excepcional programa, que tiene una duración de dos horas, será próximamente desarrollado en un festival dedicado a la colectividad porriñesa, cuya preparación se está ultimando”²⁰.

O impacto da audición desta gravación foi moi relevante entre os emigrantes. En marzo de 1961 formou parte da celebración do Día de Porriño; en abril, as pezas soaron no programa radiofónico *Recordando a Galicia* da coñecida actriz Maruja Boga; en xuño tivo lugar a anunciada audición organizada pola Sociedade de Fomento no local do Centro Salceda; en xullo, na cidade de Rosario, a *Peña Cultural Gallega Rosalía de Castro* facía a súa difusión na *Semana Galega*; realizáronse múltiples duplicados da gravación a pedido de varios socios; recadouse diñeiro nas audicións para a Biblioteca do C.R.C.²¹, e o Boletín deu información detallada en diversos artigos²². Como resumo de toda esta actividade lembran cunha certa esaxeración que “la Coral Polifónica de Porriño es hoy conocida en toda América y de manera altamente conceptuosa para Porriño y el pueblo Celta, como bien lo dijo Maruja en su bella disertación”. Unha parte destacada deste éxito da coral porriñesa en Arxentina foi a súa versión do himno galego, ata tal punto que foi adoptado pola Federación de Sociedades Galegas, é dicir á maior parte do entramado societario da emigración, desprazando ás moitas versións que os propios coros da emigración tiñan gravado.

“Esta fiesta ha tenido un significado especial, ya que al inciarla, hemos escuchado el himno de Galicia cantado por la Coral Polifónica del Círculo Recreativo Cultural de Porriño, que con tanta maestría dirige don Antonio Paz Valverde, a no dudarlo fue esto lo mejor de la fiesta, pues no estábamos habituados a escucharlo, tan magistralmente ejecutado, tanto fue el éxito que desde esa fecha en todos los actos patrióticos que se realizan en nuestra Federación, el himno de Galicia de la Polifónica de Porriño es el que se escucha”²³.

Pero a coral aínda tería máis presenza en Bos Aires pois a comezos de 1962 o socio David Pereiro volve ao río da Plata cunha película con diversas imaxes do Porriño realizada por Jesús Casales Arias. A filmación –sen son- inclúe imaxes da coral tomadas nunha actuación en Pereiras efectuada –seguramente- no segundo semestre do ano 61. De novo se realizan proxeccións públicas, neste caso da filmación muda e utilizando como banda sonora a cinta magnetofónica: “Como la exhibición fue acompañada con el concierto que poseemos de la Coral Polifónica, cuando ésta aparece en el festival de



Mozas da Coral tras actuar nas festas do Libramento de Pereiras no ano 1961
FOTO RAMIRO / AMI Concello do Porriño

Pereiras, coincidió tan exactamente con la canción que en ese momento se escuchaba que parecía realmente una cinta sonora”²⁴. Estes novos eventos de exhibición pública tiveron lugar alomenos en outubro do 62 e en maio do 63 (esta última no salón da Asociación de Residentes de Mos²⁵.



Coral Polifónica do C. R. C. 09-10-1963. Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

Volvendo ao Porriño, por esta época actuaban as nosas voces con destacado éxito en Marín e no Círculo Mercantil de Vigo. No 62, participan en Pontearreas na misa solemne do Corpus e “durante la procesión interpreta varios motetes”²⁶, volvían a Pereiras, actuaban no Círculo Cultural de Chapela en 1963 e continuaban un periplo de viaxes e concertos do que se deu unha pequena crónica, esencialmente gráfica, referida á década dos anos sesenta na revista O TranVía²⁷. Especial interese ten o concerto de Santa Cecilia do ano 1963 porque revela unha renovación, practicamente total, das cancións interpretadas pola coral. Segue alternando diversos enfoques pero atopamos o primeiro bloque temático que inicia unha das constantes dos porriñeses a partir de agora: profundizar por xéneros ofrecendo coleccións (polo xeral, arredor de media dúcia de pezas) que chegan nalgúns momentos a ser concertos monográficos sobre zarzuela ou cantos de Nadal. Este primeiro bloque está formado por madrigalismo: *Por la puente, Juana, Tres morillas, Dindirindán, Soy serranica e Dadme albricias*. Seguía este repertorio con *Reverie, Coros das Húngaras nº 1 e nº 4* de Brahms, *Eres como la nieve* de Halftter, *Yomchik, Oh Beetlem, El peregrino, Txantxagoría, El caçador y la pastoreta*. Respecto ás composicións do director, continuaban cantando a *Canzón do paxariño* e sumaban unha nova obra, *O neno dormía*, que tería unha excepcional repercusión no mundo coral galego²⁸.

E tras estes primeiros anos de pulo organizativo a agrupación porriñesa vai coñecer a mediados dos sesenta dous feitos que consolidarán a súa proposta estética: por un lado, o afianzamento do director na arte da composición musical -en 1964 ofrece *Ave María*- que afianza unha excelente obra creativa que será símbolo de identidade da propia coral; e doutra banda, a expansión que, ademais de xeográfica -Bretaña, Madrid-, acadará novos formatos de proxección audiovisual (discos, radio, televisión) a sumar aos habituais concertos. En xullo de 1964 as voces do porriño son convidadas ao Festival do Mundo Céltico celebrado na Bretaña con base na cidade de Lorient. Todo un éxito a experiencia. Boa acollida por parte do público, escenas emocionantes cos emigrados españois naquela zona, e un espírito de camaradería dos concurrentes. Deron diversos concertos nas principais cidades bretonas, Quimper, Saint Nazaire, Lorient, La Baule, coincidindo nesta xira co coro Froles Mareliñas de Chapela que sería convidado a un concerto no Porriño como ampliación da camaradería compartida en terras célticas. “La convivencia en aquellos 29 días, ha creado un fraternal lazo de amistad entre ambas agrupaciones” que estreitaban nun festival conxunto con motivo da inauguración do novo edificio do C.R.C. Puidéronse ouvir por vez



Esquerda: Compoñentes da Coral e do grupo Froles Mareliñas en Quimper, Bretaña. 1964. Dereita: Catro mozas da Coral ante o Mont Saint Michel. Bretaña 1964. Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

Actos Inauguración EDIFICIO SOCIAL

CONCIERTO DE LA CORAL POLIFONICA del Circulo Recreativo Cultural

Director: Antonio L. Paz Valverde

GRUPO DE DANZAS FROLES MARELIÑAS de Chapela-VIGO

Director: Miguel Noriás Saldaña

Día: 4 de Septiembre Hora: 10.30 noche

CORAL POLIFONICA

PROGRAMA

Primera parte

AVE MARIA.....	Arcadelt
YAMCHIK.....	Jaroff
CANCION HUNGARA Nº 1.....	Bramb
CANCION HUNGARA Nº 4.....	Bramb
LORD HEAR ME PRAYIN (N. Spirtma).....	C. White
STEAL AWAY (N. Spirtma).....	C. White
GLORIA AL SEÑOR.....	Beehoven

Segunda parte

ERES COMO LA NIEVE.....	Haltler
EL PEREGRINO.....	Jaroff
O NENO DORMIA.....	Paz Valverde
PEREGRINA.....	Palmerin
O VIRA DO MINHO - Popular.....	(Portuga)
EL CAZADOR Y LA PASTORETA.....	Botey
CANZÓN DO FAXARINO.....	Paz Valverde

El Circulo Recreativo Cultural, tiene el agrado de presentar a todos sus asociados, al Grupo de Danzas «FROLES MARELIÑAS», de Chapela-Vigo, conjunto formado por gente joven, simpática y diestros, concretamente, seis hombres, seis bellas señoritas, una pareja juvenil y otros talentos, entre de dos o tres guitarras, tamboril y bombo.

Sus bailes típicamente gallegos, llenos de vivacidad y alegría, riman un rosario de arabescos escueto que agrada por su vitalidad y colorido. La variedad de sus danzas es léica popular, aunque esencialmente, el ritmo sea igual a un popular. Tienen además sus danzas: «La Bot» que podríamos catalogarla de baile, toda vez que sus movimientos están adaptados a una música que cambia continuamente de ritmo y compás. En ella, se hace apreciar el contenido y origen de la música de nuestra tierra, la jota, la mazurca, etc. Intercalada con pasajes de más lentitud, donde la parte principal luce con vistosidad y gallardía la gracia espontánea de sus bellos movimientos.

La Coral Polifónica del Circulo, tiene conciencia de todos, contribuye con su participación, al mayor realce y magnificencia de estas fiestas que, con motivo de la inauguración de nuestro nuevo y llamante edificio social estamos conmemorando. Es por lo tanto motivo de orgullo para todos nosotros contar con esta magnífica agrupación que tanto entre los conchabados hasta el momento y a la que deseamos mucho más para prestigio de nuestra Sociedad y nuestro pueblo.



Como final, queremos hacer constar el hecho de que estas Agrupaciones acaban de realizar una extraordinaria gira de 29 días en tierras de la Bretaña francesa. Por este motivo, ha sido nuestro deseo, así como el de los propios componentes participantes, en un mismo día y en un mismo programa. La convivencia en aquellos veintinueve días, ha creado un fraternal lazo de amistad entre ambas agrupaciones, que dicho sea, han dejado muy alto el nivel de espíritu, concretamente nuestra amiga Galicia: la una, con sus típicos danzas «vireanos» y «valadésicos» al decir de los franceses, la otra, con sus magníficas canciones de bellas melodías, de ecos misteriosos y «arabescos» de amor.

Programa actuación da Coral nos actos de inauguración da nova sede do CRC. Colección programas de man da Coral / AMI Concello do Porriño

primeira as voces da coral no salón de actos que sería a partir dese momento a casa do colectivo. Ese concerto á volta da longa viaxe (4-9-1964) reflicte a música que seguramente cantaron na Bretaña en base ao repertorio antes citado e trocando o bloque madrigalista por novas pezas: os espirituais *Lord hear me praying*, *Steal away* e a harmonización dun tema folclórico portugués, *O vira do Minho*.



Viaxe a Madrid. Maio de 1965. Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño




Programa actuación da Coral na “Ferial Internacional del Campo” en Madrid. 1965. AMI Concello do Porriño

En maio de 1965, visitan Madrid con motivo da celebración da VI Ferial Internacional del Campo e alí deron varios concertos no pavillón de Pontevedra, e tamén, no Centro Galego. Coñecemos o programa das intervencións na Feira conformado por un repertorio exclusivamente de música galega: dúas composicións de música decimonónica, *Airiños, airiños aires* e *Maruxiña*; dúas pezas de folclore harmonizadas, *Se vas a San Benito* e o *E quer que lle quer* de Farto; e dúas composicións do director da coral, *Canção do paxariño* e unha nova canción galega, *Non cho direi*. Este bloque de música galega será utilizado con frecuencia e, por exemplo, será repetido no final deste ano xunto a un novo grupo de motivos de Nadal: *Triduo de Navidad, Oh que precioso Niño, Niño divino* e *Noite de paz*. En decembro estas cancións de Nadal escoitáronse tamén en Redondela, Vilagarcía e Marín –nesta vila actuaron dúas ou tres veces ese ano. En agosto, apróbese o Regulamento da coral que en breves contidos ordena algúns aspectos organizativos e fixa a súa estrutura en 45 voces (dez sopranos, dez contraltos,

dez tenores, quince baixos), dous organistas e un director. E en setembro, unha descrición do traballo da coral publicada na prensa: “Al escuchar su programa, prieto y variado, ejecutado con una maestría impecable, parece uno encontrarse más con profesionales del canto que con trabajadores que han de hurtar muchas horas al trabajo o al ocio para consagrarlas a esta obra artístico-cultural que prestigia al pueblo”²⁹. Ademais da valoración artística resulta interesante este párrafo porque revela unha función engadida que desenvolve a coral: a función de representación do Porriño a quen aporta o seu prestixio. Catro anos despois, esa función semella crecer para representar xa a todo o país segundo afirman no xornal: “una colectividad de gran prestigio, honor de Porriño y de Galicia, que realiza una positiva labor cultural”³⁰. Ao mesmo tempo destacan igualmente o seu carácter “totalmente aficionado”. Atopamos pois esta función da música que cumpre a coral ao lado doutras³¹ entre as que destacaríamos a función de reforzo de institucións sociais e ritos relixiosos e a función integradora dos membros da comunidade. Outras como a expresión de emocións, o goce estético, o entretemento ou a comunicación, resultan obvias.

A música negra espiritual seguía ofrecendo novidades, neste caso unha versión de *Down by the riverside* e sería a partir de 1966 cando se presentaría como un bloque temático incluíndo *Roll Jordan*, *Steal away*, a citada *Down by the riverside*, *Old Mississipi* e *Meu vello río (Swanee river)*. Estes cantos de godspel sumados a *Lord hear me praying* cantado no 64 terán continuidade con *Every time i feel the spirit* e *Walk together, children* no 69, *When the saints* no 74, e *Swing low, sweet chariot, It's me oh Lord* e *Joshua in the battle of Jerico*, en 1988. A propia coral definía estes cantos como “bellos exponentes del rico sentimento que embarga a esos descendientes de los antiguos esclavos de América del Norte cuya inquietud espiritual no se llevó el viento”. É destacable a contemporaneidade da interpretación destes cantos por parte dos porriñeses coas loitas do Movemento polos Dereitos Civís en EE.UU. liderado polo premio nobel da paz en 1964, Martin Luter King, que acabaría sendo asesinado en 1968. Esta música espiritual e combativa foi un descubrimento e, sobre todo, unha novidade no ámbito coral. Como bloque de cancións funcionará ata 1970 aínda que a partir de aí continuarán a ser incluídas (unha ou dúas pezas por concerto) como unha das aportacións xenuinas desta coral. En setembro de 1968, participan nun concerto en homenaxe á Coral Casablanca, outra das referencias importantes no ámbito coral galego da época, coa que mantiveron lazos de colaboración. Casablanca viña de gañar a medalla de ouro en Torrevieja onde se celebraba -e aínda se celebra- unha das mostras importantes deste tipo de canto. Ámbalas dúas corais visitaban os locais das respectivas sociedades matrices (os de Vigo actuaban no C.R.C. en febreiro do 69 e en abril do 74) e tamén intercambiaban pezas dos seus directores, F. Rey Rivero e Antonio Paz, para incluír nos repertorios.



Estrea da zarzuela Katuska na celebración do X aniversario da Coral. 08-03-1969. FOTO MAGNO / AMI Concello do Porriño

1969 será un ano estelar para a coral porriñesa. A celebración do décimo aniversario coa interpretación da zarzuela *Katuska* significaba un paso máis na escollo de repertorios que ían máis alá da simple interpretación de pezas de autores diversos e de xéneros distintos. Os diferentes agrupamentos de pezas

que ata agora levamos citado (madrigais, obras galegas, espirituais, cantos de Nadal) vense agora culminados por un programa dedicado exclusivamente a unha soa obra. Por outra

banda, *Katiuska*, significa a madurez do coro para incorporar dun modo pleno a música de zarzuela que terá na década dos setenta unha notable presenza na súa actividade. Actuaron como solistas María Rita Iglesias, Antonio Baladrón e Ramiro Legazpi. Abonda dicir que a exitosa función perdurou na memoria dos e das asistentes a aquel concerto do día 8 de marzo.

“De todos estes concertos houbo un que endexamais esqueceremos os amantes da música: foi o ofrecido na conmemoración do X Aniversario da Coral. Cantóuse a parte musical da zarzuela *Katiuska* do Mestre Sorozábal, colaborando ao piano D. Jesús F. Yepes, que era daquela o director do Conservatorio de Música de Vigo, colaboración que desde entón, e de forma desinteresada, prestou á Coral nos seus concertos anuais. O éxito foi total. O Círculo nunca rexistrara un cheo tan impresionante. Os aplausos, os “bravos”, o desbordarse os sentimentos entre o público e os actúantes foi pleno. Repetimos unha noite memorable”³².

No verán de 1969, cantoras e cantores porriñeses volven a Madrid para realizar a gravación histórica dos once temas rexistrados nos estudos Fonogram e que foron editados inicialmente por BCD en tres EPs baixo un título xenérico de *Canzón Galega* coa mesma portada pero con distintas cores. O disco vermello contiña *Ao ver que non tiñas nome, Só quedeime, Era un airiño soave* e o *Himno a Galicia* de Pondal e Veiga; o disco verde incluía *No niño novo do vento, Se vas a San Benitiño* e a *Misa galega*; no disco laranxa ían *O asubío, Se eu souper...*, *O neno dormía* e *Non cho direi (Adeus)*. Aparte da valoración sobre a calidade das composicións e a interpretación destas *canzóns galegas* que xustificaría a acollida positiva que tivo a súa edición, o feito realmente singular foi a elección destes materiais en lingua galega nunha época pouco doada para estas propostas. Existe, pois, un carácter



Imaxe tomada nos estudos Fonogram en Madrid, durante a gravación dos discos. Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

pioneiro que antecede a un novo rexurdimento da música galega que vai fraguar nos setenta e que terá na musicalización de poetas unha das súas vías de expansión. Estas cancións galegas, compostas e interpretadas a partir de 1962, son anteriores ao movemento de Voces Ceibes e os poetas contemporáneos (Manuel María, Pimentel, Cunqueiro, Varela Jácome, X. M. Álvarez Blázquez) xa tiñan melodías para os seus versos antes de aparecer os cantautores e a posterior eclosión da música folc galega.



Carátula dos tres discos Eps gravados pola Coral Polifónica do CRC do Porriño en 1969, baixo o título *Canzón Galega*



As gravacións de 1969 reeditáronse en Arxentina en formato LP en 1972, grazas ao empeño da Sociedade de Residentes del Municipio de Porriño e o Instituto Argentino de Cultura Gallega

Dende o Porriño recollíase a información da distribución das fermosas cancións da coral en diversos países onde residían os nosos coterráneos: Alemania, Inglaterra, Brasil, EE.UU., Australia, Canadá... Os discos tiveron unha especial repercusión en Arxentina e na celebración do Día das Letras Galegas de 1971 foron presentados no *Centro Gallego* de Bos Aires e madureceu a idea tendente a realizar unha edición propia naquel país. En efecto, a Sociedade de Residentes do Porriño e o *Instituto Argentino de Cultura Gallega* materializarían un ano despois este proxecto coa saída en formato LP do material gravado dous anos antes³³.

En relación aos formatos audiovisuais, a viaxe a Madrid de 1969 tamén serviu para a realización dunha reportaxe (videotape, dicían na época) para Televisión Española efectuada nos estudos

Samuel Bronson de Chamartin e que naquel tempo foi emitida en varias ocasións. Coidamos que é a mesma reportaxe de xullo de 1971 incluída en *Coros y escolanías* no espazo *Los Españoles* de TVE. Non estamos seguros da existencia doutro audiovisual anterior ao do 69, tamén para TVE, que como parece suxerirse nalgún lugar sería un programa especial dedicado á canción galega. En relación á radio foron múltiples as emisións con presenza da coral e entre elas poñemos como exemplos a realizada para a *Radio Clube* portuguesa que se

emitiu no programa *Assim é Espanha*, a gravación para Radio Galicia de Santiago dun monográfico sobre cancións galegas, ao tempo que constatamos que as emisoras arxentinas con programas sobre a Galicia emigrante utilizaban os materiais porriñeses cun repunte nos primeiros setenta intensificando o labor de Radio Ribadavia dez anos atrás.

A zarzuela *Katiuska*, a edición dos discos de *Canzón Galega* e o prestixio acumulado pola coral acrecentaron



O Porriño, agosto de 1969. Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño



Membros da Coral nas festas de San Bieito no Porriño. 11-07-1969. FOTO RAMIRO / AMI Concello do Porriño

os seus concertos que, como en Santiago ou en Marín, levaban á escea tres mensaxes estéticas: canción renacentista (incluíndo *Canzona napolitana* e *Il Echo* de O. di Lasso), os espirituais negros e unha nova serie –a *Canzón Galega*– coas composicións de Antonio Paz que a partir de agora serán habitualmente utilizadas como última parte dos seus concertos. Unha excepción a esta práctica tivo lugar no concerto de decembro dedicado na súa maior parte aos vilancicos e cantos de Nadal. En 1970 actuou en Chapela, nas Neves, en Ribadumia, na Praza da Quintana de Compostela con motivo das *II Jornadas de Folklore Gallego*, no Parque de Castrelos vigues, no Porriño e na SDC Calvario de Vigo. Tamén asistiron á homenaxe porriñesa ao mestre Bernardo Álvarez Arias celebrada no Círculo. E aínda asistirían a actos en Salcidos (A Guarda), Caldelas de Tui, Baiona, Redondela ou na propia vila, para participar na liturxia musical que foi outro ámbito no que traballaron decididamente a coral e o seu director.

Entre os anos 1971 e 1974 temos unha información máis detallada da vida da coral grazas á existencia neste período da revista *Acougo* publicada polo C.R.C. en cuxo equipo de redacción estaba o propio Antonio Paz Valverde. Podemos, pois, deter-nos na programación e repertorios deste espazo de tempo que pode ser ilustrativo do acontecer artístico deste colectivo



ao longo da súa existencia. A tempada artística da coral gravitaba sobre dúas datas relevantes, un concerto a comezos do verán e outro o día de Santa Cecilia. Estas datas marcan a renovación de repertorios e constituían eventos de grande importancia para o colectivo que, a pesar da súa “expansión”, sempre considerou o seu público destinatario inicial á sociedade porriñesa que asistía entusiasmada ao salón de actos do CRC.

En abril do 71, cantouse unha selección de melodías pertencentes a tres zarzuelas: *Katuska* de Pablo Sorozábal (*Coro de Campesinos*, *Coro dos cosacos de Kazán*, *Fox-Trot*), *La Rosa del Azafrán* de Jacinto Guerrero (*Canción del sembrador*, *Las espigadoras*), e *Gigantes y cabezudos* de Manuel Fernández Caballero (*Si las mujeres mandasen*, *Coro de repatriados*, *Los mozos de Calatorao*, *Luchando tercios y rudos*). O programa tivo moito éxito e foi repostado en novembro no Porriño, e presentado noutros lugares coma no Calvario vigués o día 11 de decembro. O *Acougo* destaca o papel das voces solistas: soprano Euqueria García, contralto María Jesús Paz Valverde, baritono Antonio L. Baladrón Carpintero, tenores José Jesús Boente Martínez e Juan Manuel González Blanco. Na celebración de Santa Cecilia constatamos que nos templos tamén acontecían estreas como a realizada o 20 de novembro de 1971. Daquela xa existía o Coro Infantil que iniciado con corenta voces mixtas ensaiaban baixo a dirección pedagóxica de Antonio e María Jesús Paz Valverde. Ámbalas dúas masas corais, acompañadas no órgano por Camilo Paz Valverde, cantaron por vez primeira as harmonías da *Misa Alabanza espiritual*.



Coro Infantil Porriñés. Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

O ano 1972 ofrece repertorios nos que a música de zarzuela desaparece e deixa paso ás composicións de autores e poetas galegos que alternan con obras diversas e características da música coral. Así, en xuño, cantan as *Tres tonadillas* que compuxo Antonio sobre textos do romanceiro español dos séculos XV e XVI. Logo cantaron pezas de Schubert (*Unha rosa*) e Schumann (*Reverie*). A continuación as habaneras *La bella cubana* e *Era una flor*. E, na segun-

da parte, un bloque de sete cancións do director sobre textos de poetas galegos ás que se incorporan *Eu ben sei dunha fontela* e *María Soliña*. A nómina de solistas reitera a anteriormente citada engadindo ás sopranos María Rita Iglesias e María del Pilar Coya e o barítono Jesús González Rodríguez. No concerto de Santa Cecilia, súmanse a Coral Polifónica, o seu Coro infantil e os excompoñentes para a celebración musical. O repertorio incluía *Epigrama* e *Las mañanitas*. Seguían tres pezas clásicas da música galega: *Meus amores* de Salvador Golpe con música de José Baldomir (que sempre denominaron erradamente *Dous amores*), *Unha noite na eira do trigo* de Curros Enríquez con música de José Castro Chané, e *Lonxe da terriña* de Aureliano J. Pereira e música de Xoán Montes. Continuaban dúas pezas de Antonio Paz e remataban con *Terra meiga* de F. A. Rey Rivero, director da coral Casablanca. No intermedio actuaba o Coro Infantil que contaba xa con máis de setenta voces e desenvolvía a súa parte con *Caminito del bohío*, *Canción de ronda*, *Junto al río*, *Habanera* e *Juventud feliz*. Ao final, infantís e maiores xunto aos excompoñentes entoaban o imprescindible *Va pensiero* da ópera *Nabucco* de Verdi.

A información sobre 1973 revela unha intensa actividade concertística que xira arredor do último repertorio citado que se mantén case invariable ao longo do ano e que definían nos seguintes terminos: “Su repertorio está dedicado a la canción polifónica y clásica, canción universal, coros de zarzuela y, en especial, a la canción gallega que cultivan preferentemente”. A celebración de novembro de 1973 volvía ao xénero da zarzuela coa interpretación de *Los Gavilanes* de J. Martín e J. Guerrero. Destacan nesta obra María Rita Iglesias no papel de Rosaura, Euqueria García no de Adriana, Antonio Baladrón facendo de Juan e Ramiro Legazpi dando voz a Gustavo. Entre os músicos o habitual colaborador Jesús F. de Yepes-Cotte no piano e un grupo de corda da Orquestra de Cámara de Vigo. Entre eles o músico e compositor porriñés Bernardo Giráldez. Durante ese ano a coral actuou, ademais, no casino de Vilagarcía, en Nigrán, no Círculo Mercantil de Vigo, na Alianza Francesa e no templo de María Auxiliadora tamén en Vigo, en Arcade, en O Grove, en Caldas de Reis, en Goián. Nalgunhas destas actuacións participou tamén o Coro Infantil.

E respecto a 1974, existe unha continuidade nos cantos aos que se suma unha melodía popular rusa, *Kudeiar*, o espiritual negro *When the saints go marching in* e obras do Cancionero de Palacio como *Meis ollos van por lo mare* e *Mas vale trocar* de Juan de la Encina. Na segunda parte o bloque de poetas galegos musicados por Antonio Paz: Díaz Jácome, X. M. Álvarez Blázquez, Ánxel Sevillano, Pérez Creus, Xulio Siguenza, e unha primicia: *O corazón alumiado*. Entre outras localidades en febreiro visitan Lalín, en marzo Vilaxoán (Vilagarcía), en maio Vigo e Ourense, en xuño Vilalonga, en outubro Silleda. E continúan, xa en 1975, en xaneiro Goián (Tomiño), Aldán (Cangas), en marzo Ponteareas, en abril Vilagarcía. Nestes meses tamén cantan as pezas *Arbolito sabanero* e *Estrellita*. O 3 de maio de 1975 a zarzuela volve ao Porriño cunha selección das catro obras traballadas en profundidade pola coral desde 1969 e baixo o título Festival de Zarzuela: *Katiuska*, *Gigantes y cabezudos*, *La rosa del azafrán* e *Los gavilanes*. E unha tónica moi semellante podemos observar respecto a 1976, con mínimos cambios de repertorio (*Soidades* e asoman de novo os espirituais) e as continuas viaxes, en xaneiro a Moaña, en febreiro á Guarda, en marzo no Porriño e en xuño a cita anual coa zarzuela en romanzas e cancións que se escoitan por vez primeira procedentes de *La tabernera del puerto*, *El barberillo de Lavapiés*, *Alma de Dios* e *Molinos de viento*. Nos meses de verán acudían a cantar en misas solemnes que coñecemos moi polo miúdo grazas a unha nota coa programación de actuacións relixiosas: agosto, día 6 Arcade (Soutomaior,) día 8 Guillade (ponteareas), día 15 As Angustias (Nigrán), día 29 Caldelas de Tui; setembro, día 12 Beluso (Bueu), día 19 Lalín, día 26 O Porriño, reestrea da *Misa Galega* no día do Cristo. Tamén actuaban 1976 –marzo- no Cine Palacios a favor dos afectados polos terremotos de Guatemala.



Concerto da Coral no CRC con Jesús F. de Yepes-Cotte ao piano. Finais da década dos 70 - principios dos 80. **Autor descoñecido** (Foto Pako?) / **AMI Concello do Porriño**




Programa de man da final do "Certamen de la Cnación coral Gallega" / AMI Concello do Porriño

Durante estes anos centrais da década dos setenta a Coral Polifónica vive a súa plenitude, un contacto permanente co público favorecido pola participación en programacións culturais como as organizadas pola C.A.M. de Vigo e unha estabilidade na oferta estética que ten como soportes principais un grupo de pezas variadas e un grupo de cancións galegas que nunhas ocasións está formado exclusivamente por pezas de Antonio Paz e noutras combina con autores como Rey Rivero ou a Galicia esperta de Roxelio Groba. A isto sumárase a dedicación á zarzuela que habitualmente ocupa espazos monográficos. Polo tanto, seguen as mesmas claves en 1977 para o público de A Estrada (xaneiro), Redondela (marzo) ou Catoira (abril) que asistía aos seus concertos. En xullo dese ano, participa nun concurso de corais de ámbito galego (*Certamen de la Canción Coral Gallega*) celebrado en Santiago interpretando a peza obrigada, *Galicia esperta* de Groba, e a de libre elección, *Verba de despedida*, composta polo director. Houbera unha anterior fase provincial celebrada no Teatro García Barbón e, finalmente, unha selección do

mellor coralismo popular galego do momento quedaba representado por Casablanca, Coral do Porriño, a de Pontearreas, a Coral Liceo Marítimo de Noia e o Centro Social de Labañou. Aínda no remate do ano, coñeceremos outra canción galega, *Paisaxe*, que coas dúas anteriores presentadas no concurso formou parte do concerto do 3 de decembro. Entre as solistas deste concerto estaba Tere Paz Valverde.

A finais de 1978 actuaban no Centro Obreiro de Mondoñedo continuando a viaxe emprendida en 1959 que os levaba cara públicos de lugares distantes. Ao longo dos anos estiveron en moitas cidades e vilas, tamén en Portugal, das que só temos citado aquelas que constan en programas de man. Un ano despois, o 30 de novembro, repoñían en escea *Los gavilanes*. Este ano no que se celebraba o XX aniversario da súa fundación semella rematar un ciclo que, no referente á información documental, dará paso a un vacío ata 1984 que parece indicar un descenso na actividade coralística ou alomenos naquela actividade que xeneraba información escrita. Tampouco existe información nestes tempos sobre a actividade no canto litúrxico que sempre foi moi importante para a coral. Como mostra desta dedicación continúa á música relixiosa, da que quedou moita menos información que dos concertos profanos, sirve a seguinte relación que non sabemos a que anualidade corresponde. Aí, a través dun trimestre podemos comparar a relación entre concertos e misas que neste caso repartese ao cincuenta por cen: xuño, día 6 misa en Guillarei (Tui), día 8 Festival 4 corais no Cristo da Victoria de Vigo, día 9 concerto na Cultural do Calvario, día 22 concerto sacro na igrexa parroquial do Porriño; xullo, día 12 con-



Programa do concerto do XX aniversario da Coral / AMI Concello do Porriño

certo en Moaña, día 14 misa na Cañiza; agosto, día 4 concerto e misa en Entenza (Salceda de Caselas), día 23 concerto en Crecente; setembro, día 6 misa en Pereiras (Mos).

En 1984, con motivo do concerto realizado o 12 de maio, en efecto, ollamos unha certa renovación de títulos que se suman a números clásicos nos repertorios da coral. *Matona mia cara* e *Fuxamos do amor* de Lasso, *De donde venís amores* e *En la fuente de rosel*, a habanera *La paloma* e coros de ópera: *Coro di zingari*, *Coro di crociati* e *Coro dei pellegrini*. A obra propia da coral inclúe unha composición en castelán de Antonio Paz, *Soledad*, e dúas cancións galegas que descoñecemos, *O cuco* e *Mañán de Corpus*. Pola mesma época actuaban en Goián e Tui en ciclos programados pola Xunta de Galicia nos que sumaban *Os vos omnes* e *Capricho*.



Concerto da Coral no CRC. Anos 80.
Autor descoñecido (Foto Pako?) / AMI Concello do Porriño

As lembranzas sitúan na década dos oitenta ao colectivo inmerso en procesos de relevos inevitábeis pola propia historia biolóxica, as dificultades para captar novas voces e, ademais, vai callando a idea de afrontar un proxecto de maior capacidade técnica que buscará coralistas con formación en linguaxe musical. En relación con este aspecto formativo atopamos alomenos un Cursiño impartido durante unha semana pola profesora Virginia Rivas García do Conservatorio de Madrid. Celebrouse do 18 ao 30 de abril de 1988 e trataba sobre as técnicas

para perfeccionar o canto, a técnica de voz, a respiración diafragmática, vocalización, resonancia, técnicas de fonación, etc. Parece que tamén había inquietudes sobre a autoorganización do coralismo galego ás que poderíamos atribuír os labores organizativos dun Festival de agrupacións citado na revista Galicia Cantat. No primeiro número desta revista, boletín da Federación Coral Galega a partir de 1985, aparece un artigo titulado “Os primeiros 25 anos da Coral do CRC do Porriño”. E un ano despois, no número 3, publican varias partituras de Antonio, un índice da súa obra e unha breve biografía.

Nunha última entrega documental dos anos 1987 e 1988 atopamos á coral no equilibrio entre a renovación e o mantemento de pezas históricas do seu acervo interpretativo. O 5 de decembro de 1987 recuperaban material que cantaran antigamente, ofrecían novidades (*Villancico*, *Caro mio*, *Ecce gratum*, *Vedi le fosche*, *Oh gloria cinta*) e mantiñan as cancións galegas e os números de zarzuela. Uns meses despois, o 21 de maio de 1988, coa celebración das Letras Galegas ofrecen un recital exclusivo de textos da nosa literatura conformado por oito composicións do director, outra composición arranxada por Jaunsarás (*Airiños airiños aires*) e tres harmonizacións de pezas tradicionais: *Vexo Vigo*, *O vira do Minho* e

Aquel que saleu agora. A derradeira actuación da Coral do Porriño da que conservamos o programa corresponde ao 3 de decembro de 1988. Ofrece como novidades tres espirituais: *Swing low sweet chariot*, *It's me Lord* e *Joshua in the battle of Jerico*, e a interpretación –non sabemos se estrea- de *Tres Canciones*, obra con textos do porriñés Eduardo Fernández Valverde e música de Antonio Paz, que desenvolvía os motivos: *Primavera*, *Recuerdos de una tarde* e *Porque lloras pajarillo*. A presenza de Eduardo Fernández Valverde na obra compositiva e no canto da coral é documento melódico da súa actitude a prol do coralismo porriñés. Diríamos que o seu labor foi o de acompañante intelectual do director e da coral á que lle dedicou tantas verbas emocionadas nas presentacións de eventos sobresaíntes. E de Eduardo, porriñés de toda a vida, pasamos a un porriñés de viciñanza, Raúl Rodríguez Pazo³⁴, compositor de *Neno*, a obra que completaba o último repertorio que coñecemos.



Actuación da Coral na igrexa parroquial de Sta. María do Porriño. Década dos anos 80. **Autor descoñecido** (Foto Pako?) / AMI Concello do Porriño

Xa que utilizamos os repertorios como fío conductor desta pequena historia da coral, permitasenos afondar en cifras sobre o particular. A análise duns setenta repertorios (29 da década dos sesenta, 38 dos setenta e tan só 6 dos oitenta) dannos información sobre 203 títulos interpretados pola coral ao longo da súa historia. Esta información recollida en programas de man e prensa fálanos de case mil interpretacións (concretamente 953) que sirven para elaborar o catálogo musical interpretado pola coral que recollemos no anexo 2 e do que podemos extraer algunhas conclusións cuantitativas. Agrupados por xéneros atopamos

52 títulos de zarzuela, 35 de autores dos s. XIX-XX, 34 dos s. XVII-XVIII-XIX, 19 de canción galega de Antonio Paz, 18 de polifonía dos s. XV-XVI, 16 de outros autores galegos, 12 espirituais negros, 9 cancións populares do mundo e 8 habaneras. Sen embargo, non existe correspondencia entre o número de temas estreados e o número de interpretacións realizadas, destacando o capítulo de zarzuela que a pesar de ser o máis nutrido non foi o máis representado. Máis dunha vez detectamos referencias ao grande esforzo para a coral que os programas de zarzuela supoñían incrementado pola necesidade dun acompañamento instrumental e, en efecto, este esforzo restrinxíase a unhas celebracións monográficas celebradas case exclusivamente no Porriño, maiormente nos anos setenta, e das que logo incluían algún número aillado nos repertorios habituais. Ocorre algo semellante coa música dos séculos XVII-XVIII e XIX, estreando moitas pezas que foron logo interpretadas poucas veces, dándose o caso de que practicamente a metade só foron cantadas nunha ocasión. En sentido inverso, as 19 cancións galegas do director da coral foron con moita diferenza as máis utilizadas ao longo do seu devir aínda que non representen o grupo máis numeroso. No seguinte cadro, pódense apreciar estes datos deixando claro que non inclúe o total de obras cantadas pola coral (probabelmente falten vinte ou trinta máis) nin o total de interpretacións que foi un número moitísimo maior que as aquí consignadas.

Análise de 70 Repertorios

	Nº cancións		Interpretacións	
Polifonía XV-XVI	18	8,8%	112	11,7%
S. XVII-XIX	34	16,7%	96	10%
Zarzuelas	52	25,6%	109	11,4%
S. XIX-XX	35	17,2%	162	16,9%
Canción galega de Paz	19	9,3%	186	19,5%
Canción galega	16	7,8%	113	11,8%
Espirituais	12	5,9%	75	7,8%
Habaneras	8	3,9%	48	5%
Populares do mundo	9	4,4%	52	5,4%
Total cancións	203		Interpretadas 953 veces	

Outro xeito posíbel de achegarnos ás pezas máis representativas da coral sería deseñando un repertorio virtual formado por aquelas que -segundo estes datos- foron máis interpretadas: *Ao ver que non tiñas nome* (30 veces), *Eu ben sei dunha fontela* (26), *Só quedeime* (26), *O neno dormía* (25), *Maite* (22), *Se eu souper...* (19), *Eres como la nieve* (19), *Down by the riverside* (18), *Kudeiar* (18), *When the saints go marching in* (17), *Soidades* (17), *Tú* (16), *O corazón alumiado* (16). Podemos concluir que a coral porriñesa movéuse en tres grandes apartados musicais: a música europea do século XV ao XX (madrigalismo, barroco, clasicismo, romanticismo, nacionalismo musical), a música galega (composicións do director, doutros autores, folclore harmonizado) e un apartado de varios (zarzuela, espirituais negros, habaneras, populares do mundo). Cabe engadir unha singularidade, curiosa por outra parte, respecto á maioría dos autores que englobamos no paso do XIX ao XX e que foron cantados polos porriñeses. Son autores asimilabeis ao “nacionalismo musical”, concepto que encheu as páxinas musicais de Europa e América de entre séculos e predicado

—entre outros— por Felipe Pedrell para crear obras a partir das peculiaridades musicais e folclóricas de cada país. Xunto as excepcións dos rusos Glinka e Jaroff ou do mexicano Palmerín, a coral porriñesa usou de abondo partituras de música catalana de Morera i Viura, Pau Casals, Antoni Pérez Moya, Eduard Toldrá, Botey i Badía; de obras que tiñan o folclore vasco como punto de partida en Jesús Guridi, Luis Urteaga, Pablo Sorozábal ou o P. Donosti (José Zulaica y Arregui); ou mesmo dun renovador da música cántabra como Sáez de Adana. Algúns deles relacionados tamén coa zarzuela ou coa música relixiosa.

A Coral Polifónica do CRC dissolveuse nos anos noventa³⁵. Atrás quedaban tres décadas de historia musical cargadas de vivencias persoais e colectivas, un labor de superación que elevou as posibilidades interpretativas e o coñecemento cultural dun amplo grupo de persoas, unha obra interpretativa que quedou gravada nunha pequena parte e, finalmente, unha obra de autor ligada ao proxecto da coral que segue a ser referencia no canto coral galego. Ben orgullosos e orgullosas poden sentirse as persoas que participaron nesta aventura á vista da obra realizada. E, sen embargo, a desaparición da coral non significou a fin da actividade coral no Porriño nin a actividade creativa de Antonio Paz Valverde, nin as gañas de cantar de moitas persoas que viñan de protagonizar a etapa anterior. Cabe citar ao respecto que o coralismo local diversificou a súa presenza coa creación de novos grupos: un coro da 3º idade, un Coro da Escola de Música, a Coral A Forna de Budiño, a Coral de Atios e a Coral de Torneiros. Finalmente, en 2005, algúns membros da antiga Coral Polifónica participan na creación do Orfeón Porriñés dirixido tamén por Paz Valverde, que non cesou nunca nos labores de composición nin na súa teima por organizar colectivos musicais ligados ás voces. Cabe lembrar a descrición do Acougo: “inasequibles al desaliento”.



Actuación no CRC do Orfeón Porriñés no ano 2004, coa colaboración de Alejo Amoedo ao piano.
Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

3. ANTONIO PAZ VALVERDE, COMPOSITOR



Antonio Ignacio Paz Valverde naceu no Porriño en 1937. Fixo os estudos no colexio dos Xesuitas de Camposancos (A Guarda) onde aprendeu as primeiras nocións de linguaxe musical e piano. Entre as lembranzas desa etapa quedou gravada “unha profesora de piano, da República Dominicana, que tiña un fillo no colexio, sentábase de cando en vez no piano do Centro e, despois de interpretar algunha sonata de Beethoven, escoitaba e correxía a Antonio”³⁶. Outro recordo, increíble tendo en conta a posterior evolución biográfica do músico, sitúa ao neno triste porque non foi admitido no coro do colexio: “A súa sobria timidez non lle permitía “tirar” a voz. Noustante, uns anos máis adiante, Antonio dirixía o Coro do Colexio; tería daquela 14 anos de idade”³⁷. Un rasgo da súa paixón pola música na adolescencia queda expresado na preferencia por mercar partituras e obras adaptadas para piano mentres a maioría da rapazada debecía polas aventuras dos comics da época (Roberto Alcazar y Pedrín, El guerrero del antifaz, TBO, Pulgarcito...). Antonio sabía xa que Boileau, Erviti, Unión Musical ou Casa Beethoven, eran as principais editoras de música e pasaba horas e horas das súas vacacións trasladando ao teclado os gráficos do pentagrama. Sobre os seus estudos musicais tense apuntado: “É este un caso de case-autodidactismo excep-



Antonio Paz Valverde (no centro) nunha fotografía escolar no colexio de Xesuitas da Guarda. Ca. 1950.
Autor descoñecido / AMI Concello do Porriño

cional”³⁸. Sen desmentir a loubanza implícita na definición, quizais cabería matizar que a ausencia de estudos non regulados, característica ademais dunha época con limitado acceso aos estudos oficiais, non determinou unha formación deficiente. No caso de Antonio a súa obra fala por si mesma respecto a esta cuestión. Debemos engadir outras fontes de saber das que bebeu o futuro compositor deixando por descontado un ambiente familiar no que a música enchía os silenzos da casa coas excelentes voces das irmás, a afección guitarrística de Esteban, os estudos de órgano de Camilo. É probábel que a través de Camilo chegasen as leccións e habilidades de Antonio Uriz Susperregui, organista na catedral de Tui, mestre de capela en Ourense, profesor de música e director de coros, que chegará a colaborar na orquestración dunha das primeiras composicións relixiosas do porriñés. Tamén é coñecida a relación con Jesús Yepes Cote, director do Conservatorio de música de Vigo, con quen traballou dous anos “dos que tirou grande proveitou” ademais de perpetuar unha constante relación no acompañamento musical das estreas importantes que realizaba a Coral Polifónica.



Jesús F. de Jepes, director do Conservatorio de Música de Vigo (á esquerda) e Camilo Paz Valverde (dereita). Acompañaron en moitas das actuacións da Coral durante décadas como pianista e organista respectivamente.
Autor descoñecido (Foto Pako?) / AMI Concello do Porriño



Antonio Paz Valverde participando como pianista no Festival Artístico Musical que organizou o CRC coa colaboración de intérpretes afeccionados do Porriño. 08-11-1958.

FOTO MAGNO / AMI Concello do Porriño

Tras dirixir o coro do colexio con catorce anos, a partir de 1952 traballa con coros da Acción Católica do Porriño e, como xa adiantamos, tocaba o órgano en misas e funerais. Con 16 anos compoñía a peza de piano titulada *María Teresa*, dedicada a quen logo sería a súa esposa, composición que figura como a primeira das súas obras. Engadiríamos á súa aprendizaxe de mocidade, a relación con outros músicos cos que acumulaba experiencias que quedaron reflectidas nas fotografías do segundo lustro dos cincuenta (lembramos, o violinista Esteban Coto, o acordeonista Pablo Lorenzo, etc.) participando en veladas musicais.



Antes de que se fundara a Coral Polifónica do CRC, Antonio Paz xa dirixía e tocaba o órgano en pequenos coros parroquiais. 1955
FOTO RAMIRO / AMI Concello do Porriño



Estaba aínda cumprindo o servizo militar cando participa como peza esencial na fundación da Coral Polifónica do Porriño nos últimos meses de 1959. Xa apuntamos con anterioridade que a nova coral aproveita o labor desenvolvido por Antonio no eido relixioso e concretamente a fusión de dous coros de música litúrxica aos que se engadirían outras voces de diversa procedencia. Nesta época Antonio aínda non aportaba as súas propias composicións pero resolvía tódalas cuestións de organización, selección de repertorio, distribución de voces, arranxos musicais, etc. Era a alma da coral.

Non é doado establecer unha cronoloxía incontestable das súas composicións que segundo os nosos reducidos datos comenza co anteriormente citado vals *María Teresa* (1953) e segue cun *Vilancico* de 1960 e logo coa estrea pola coral de *Nouturno e Canzón do paxariño* en 1962, *O neno dormía* en 1963, a composición *Ave María* asinada en 1964, *Non cho direi (Adeus)*. A partir daí continúa compoñendo o resto das *canzóns* e a misa galegas que foron gravadas en 1969 e o resto da súa obra que en boa parte pode situarse cronoloxicamente con data precisa ou aproximada. Resulta evidente que entre a primeira composición de 1953 e 1960 hai un vacío que segundo pensamos corresponde a un período de formación e madurez que seguramente non está exento de exercicios compositivos que logo acabaron formando parte de obras posteriores ou ben abandonados conscientemente. Todo isto tendo en conta que seguramente existen pezas relixiosas -das moitas que non teñen data- entre o conxunto coñecido da súa obra que poderían corresponder a este período. En calquera caso, co nacemento da coral imos coñecendo estreas das súas obras a partir dos primeiros anos sesenta.

Digamos xa, que podemos dividir a obra de Antonio Paz en tres apartados: A música relixiosa –73 títulos entre misas, motetes e arranxos- ocupa a metade do espazo produtivo do autor. As cancións galegas (39 temas) non chegan ao trinta por cento e un apartado de varios non chega ao vinte por cento. Unha das posíbeis clasificacións lévanos a distinguir os seguintes apartados: I Canzón galega II Cancións en castelán III Piano IV Misas V Motetes, vilancios e cancións relixiosas VI Arranxos de música relixiosa VII Arranxos de música de América.

As cancións galegas

A elaboración de cancións partindo de poemas e, moi especialmente, de poetas galegos na súa propia lingua naceu coa intención de xuntar un feixe de composicións propias para un recital que sería interpretado pola súa irmá Maru e que finalmente, modificando a idea inicial, non chegaría a cantar substituíndo estas obras por outras do compositor catalán Eduard Toldrà. Sen embargo, a semente das súas cancións galegas estaba botada e o traballo acabaría por dar espléndidos resultados. O primeiro grupo dos poemas galegos musicados -e tamén da Misa galega- foron creados entre 1962 e 1969. *O asúbío*, *Solo quedeime*, *Era un airiño soave*, *No niño novo do vento*, *Si eu souper*, *Ao ver que non tiñas nome*, *O neno dormía* e *Non cho direi (Adeus)* son un grupo de pezas de grande interese polo seu propio valor artístico, pola época en que foron creadas, pola selección poética (Manuel María, X. M. Álvarez Blázquez, Cunqueiro e Pimentel, entre outros), polo momento en que foron



Partituras dalgúns dos moitos poemas galegos que musicou Antonio Paz Valverde. **AMI Concello do Porriño**

gravadas e comercializadas ou pola propia proposta de enfoque dunha música galega contemporánea que se chegara a anunciar décadas antes, sen que o movemento cultista –pensemos na Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra- chegara a practicalo na súa plenitude. Decíase no Acougo que “estas cancións, gratas y bien armonizadas, pretenden revalorizar el repertorio musical de nuestro folklore en su autenticidad de acuerdo con el pensamiento actual, tarea ésta, importante y alentadora”³⁹. A alusión ao folklore nesta frase, por outro lado ben intencionada, podería despistar respecto á obra de Antonio Paz e da propia coral. Non se trata aquí da exposición de melodías da tradición oral e nin siquiera da súa harmonización, que con esta segunda fórmula caracterizou unha boa parte da música coral galega. A Coral Polifónica raramente utilizou melodías folklóricas e cando o fixo -como en *Se vas a San Benitiño*, entre outras- viñan xa tamizadas pola versións de Blanco Porto e outros compositores. Respecto a Antonio Paz podemos dicir con rotundidade que o folklore non foi material usado na creación das súas obras. Utilizou a coral con moita máis frecuencia as composicións de autores do denominado nacionalismo musical galego –é dicir, Baldomir,



En 1995 a asociación TranVía Colectivo, responsables da revista O TranVía, tomaron a iniciativa de reeditar novamente as *Canzóns Galegas* gravadas en 1969, esta vez co título *Coral Polifónica do C. R. C. do Porriño*. 1969.

Montes, Veiga, Chané, Rey, Roxelio Groba, etc.- Nas coordenadas básicas de crear unha música contemporánea cunha identidade galega manifestada na lingua básicamente, é onde –pensamos- encaixa mellor a concepción destas cancións. Unha concepción do presente musical asumido con normalidade sen concesións á ollada tradicional. Debedora, iso si, do romanticismo tardío que caracteriza os lieder dos primeiros autores do nacionalismo musical e debedora doutras influencias que impulsan a creatividade ao longo do século vinte. Se acaso, fiando polo miúdo atopariamos nestas obras a esencia que Alejo Carpentier atribúe a diversos compositores cubanos respecto ao folklore da súa illa. Igualmente as “canzóns galegas” de Antonio Paz non precisan da melodía ou do ritmo folclóricos para afirmar a súa identidade que non está reñida coa estilización poética e musical realizada nestas obras.

Na década dos anos setenta o compositor segue explorando esta vía e novos títulos, novos poetas, incrementarán a súa produción: *O ceo alumiado*, *O Cuco*, *María Soliña*. Algúns autores son máis utilizados, Celso Emilio Ferreiro ou Eduardo Blanco Amor, nunha interesante selección na que entran tamén autores locais como Pepe Pereiro Francés (1974) ou Eduardo Fernández Valverde.

Composicións varias

A fonte poética utilizada como detonante do proceso creador musical tamén foi utilizada por Antonio con autores en lingua española. Conforman estas 15 cancións un grupo máis disperso de propostas literarias: dende o romanceiro renacentista ata Rafael Alberti (*La novia*) pasando polos irmáns Álvarez Quintero (*Suspiros*), Juan Ramón Jiménez (*Adolescencia*), Eusebio Blasco (*Soledades*), Rey Soto (*Soledad*) e, outro autor porriñés, Eduardo Fernández Valverde, autor do texto das *Tres Canciones: Primavera, Recuerdos de la tarde, Porque cantas pajarillo*. Esta forma de tríptico caracteriza parte destas cancións utilizándose tamén en *Tres tonadillas (Cantarico que vas a la fuente, Salteáronme los ojos, Por un pajecillo)* e en *Tres sonetos (Mi vida vertical, Luchando cuerpo a cuerpo, Tierno color)* cuxo autor descoñecemos.

Outro grupo de oito composicións está formado por partituras para piano e case todas están adicadas a persoas do entorno familiar e amigoso do compositor. Os títulos son *Amy, Habanera, Love time, María Teresa, Para Sarah (Claroscuro), Rosas y gardenias, Vals (en*



María Teresa foi a primeira composición de Antonio Paz Valverde, cando tiña 16 anos. Compuso este valse para a que máis tarde sería a súa muller.
AMI Concello do Porriño

mi menor), *Vals de otoño*. Na partitura do vals *María Teresa* atopamos a referencia cronolóxica máis antiga na frase “compuesta a los 16 años”, ou sexa, 1953.

Estas composicións varias de poetas en castelán e pezas de piano acuden con frecuencia aos ritmos de danza, hai alomenos tres valeses, e aos ecos da música americana (tres habaneras, un bolero) subliñados en dedicatorias con consignación xeográfica (Cuba, Venezuela, EE.UU.).

A música relixiosa

O compositor porriñés ten na música relixiosa unha das súas fontes de inspiración e de actividade continuada desde a metade do século XX en diante, é dicir, durante toda unha vida, e a escasa información sobre este ámbito pode resultar enganosa se pretendesemos atribuíla a un labor residual. De feito e no tocante ás partituras, a súa produción cuantitativa é semellante, incluso lixeiramente superior, á produción profana aínda tendo en conta que unha parte do traballo realizado foi de arranxos e harmonizacións. Xa aludimos a aquel artigo de prensa publicado en 1959, “Petición para pronto”, que solicitaba a creación dunha coral dedicada á liturxia. O autor do artigo, que asinaba PAX, non foi Antonio pero quizáis foi o seu irmán Camilo. Este texto xustifica algúns aspectos sobre música e relixión focados non dende a óptica da musicoloxía (¿como e para que naceu a música?) senón dende a paixón do crente inserido na tradición músico-relixiosa europea que, ademais, segue o discurso oficial ao longo do século XX denominado *Motu Proprio* que condenaba os excesos da música italianizante na celebracións relixiosas de tempos pasados e, por tanto, unha volta a modelos musicais que se consideraban máis afíns ao “decoro” da liturxia.

“El arte ha sido siempre la manifestación de los sentimientos íntimos y espirituales del hombre. Y en la gama de manifestaciones artísticas, la música ha sido de una manera especial la encargada de volcar todo su contenido emocional. Más aún, sin temor a error, puede decirse que la música en un principio no fue arte, sino más bien un instrumento indispensable, como la palabra, para comunicar el hombre su vida interior.

Por eso el hombre canta para saludar, canta para formular un agradecimiento, canta para conmovirse con el afligido. Y por esta razón el hombre se sirve de la música para comunicarse con El Señor.

Nada tiene de extraño pues, que el Cristianismo ya en su nacimiento elaborara una música propia para verter en ella toda su doctrina plena de contenido espiritual. Al cristiano que ora con fervor le resulta espontánea y familiar el apoyo de la música; además si la oración se hace en común, como todo acto de una comunidad cristiana, entonces el canto se impone como la expresión más elocuente y persuasiva de una creencia unánime, “el que canta, ora dos veces”, decía S. Agustín.


Y esta música relixiosa arranca su plenitud con los grandes maestros de la edad media, entre los que descuellan los inmortales Victoria, Palestrina y Lasso, autores de obras que nunca envejecen porque el alma de estas obras es la vida del Cristianismo hecha música.

Y así cuando el alma del cristiano se asoma a los Responsorios de Semana Santa de Victoria, siente el vértigo de la Pasión de Cristo...



Más tarde, cuando la música religiosa abandonó estas líneas tradicionales y corrió por cauces no tan espirituales porque perdió su contenido original, que es el ser vehículo de la vida cristiana los Papas nos recomiendan la vuelta a estos grandes maestros. [...]”⁴⁰.

A primeira obra relixiosa composta por Antonio Paz da que temos noticia é o *Villancico a 4 y 5 voces mixtas con acompañamiento de órgano* datada en 1960. “Primeiramente traballaba sobre todo motetes” quedou escrito en referencia aos primeiros tempos da coral que seguramente poderíamos retrotraer aos grupos corais de Acción Católica previos. A seguinte obra que podemos datar é de 1964: “Venlle ó maxín a “Ave María”, a 4 vm. e “pequeña orquesta” composta por él para voces e órgano, a versión de acompañamento orquestral foi feito por Antonio Uriz Susperregui”. E estas primeiras obras inician un conxunto de 69 títulos que agrupamos en tres seccións catalogadas no capítulo IV Misas; V Motetes, vilancicos e cancións relixiosas; e VI Performance (arranxos, harmonizacións, acompañamentos).

Antonio escribiu nove misas. A metade delas teñen data: a *Misa Galega* é anterior a 1969, a *Misa Alabanza espiritual* é de 1971, a *Missanova* de 2000 e a *Misseta* de 2001. No 2002 realizou unha nova versión da *Misa Alabanza espiritual*. As restantes son unha *Misa Solemne*, a *Misa Angélica*, (ámbalas dúas anteriores a 1986), e outras dúas misas grafiadas nunha libreta pautada –unha delas para dous coros-.



Sinatura no *Villancico a 4 y 5 voces mixtas con acompañamiento de órgano* / AMI Concello do Porriño



Páxinas da Misa Angélica composta por Antonio Paz. Partitura orixinal manuscrita. AMI Concello do Porriño


No apartado dos motetes, esas breves composicións musicais para cantar nas igrexas con textos creados regularmente sobre algunhas palabras das Escrituras, o compositor aporta un bo feixe de títulos (37) que realizan aleluias, alabanzas, glorias, cantos diversos, oracións, vilancicos, etc., cuxos textos –en castelán exclusivamente– carecen de autoría sinalada. A súa cronoloxía é descoñecida pero seguramente foron nacemento dende a década dos cincuenta ata a actualidade.

E finalmente, o traballo na música relixiosa exténdese ás 24 performance, ou sexa, as adaptacións de obras doutros autores, que nos apuntes de Paz Valverde distinguen diferentes conceptos: acompañamentos (14), arranxos (3), harmonizacións (2), versións libres ou para coro (2), e aínda a mestura de arranxo e acompañamento (2) ou de harmonización e acompañamento (1). Nalgúns casos indícase a procedencia dos materiais como a *Ave María* de Gounod, o *Canto a María* de Iruarrizaga, o *Cerca de ti, Señor* de Adams, a *Nana* de Glinka, aquel *O Salutaris* de Beethoven, ou *Un pueblo que camina* de E. Vicente. Outras son pezas anónimas así indicadas como *O Sanctissima* de procedencia siciliana, o *Villancico venezolano* e *Noite de paz*. O aspecto a subliñar é que tódalas performance que coñecemos son de carácter relixioso –excluíamos a *Nana* de Glinka- e que neste oficio de arranxista non existe obra profana allea revisitada polo compositor porriñés.

O epistolario con Manuel María e outros poetas

O feito de utilizar poemas para o seu labor musical produciu unha interesante relación epistolar con diversos poetas que tiña como obxectivo inicial rexistrar as obras creadas. As cartas parecen responder a dous momentos creativos, o primeiro arredor de 1969 é consecuencia da edición dos tres discos de Canzón Galega e o segundo sitúase en 1994 cun novo grupo de creacións poético musicais. A partir dese trámite –case burocrático- naceu nalgúns casos unha amizade artística que á vista da documentación que coñecemos acadou certa intensidade co poeta Manuel María.

O escritor, Xosé María Álvarez Blázquez, xa daquela numerario da Real Academia Galega, escribía en 1969: “¡Magníficas sus composiciones, que tanto avaloran mis pobres versos! Enhorabuena”⁴². E xa no mes de nadal preguntaba “¿Qué sucede con los discos? Algunos amigos han querido comprarlos, y al parecer no están a la venta en Vigo”⁴³. Nunha carta de setembro 1994, a familia doutro poeta xa falecido, Emilio Álvarez Blázquez, manifestaba que antes doutra cousa “deseo agradecerle en nombre de mi madre y hermana y en el mio propio su interés por la creación poética de nuestro bien querido padre. Estamos seguros que él también estaría interesado en ver enriquecida su obra con otras aportaciones artísticas como lo es la musical”⁴⁴. Por ese motivo, o seu fillo



Arriba: José Fernández López (3º pola esquerda) felicitando a Antonio Paz polo concerto da Coral ofrecido o día do seu nomeamento como Fillo Adoptivo do Porriño. No centro da imaxe, o escritor e historiador Xosé Filgueira Valverde; á dereita, o Gobernador Civil Interino, o señor José Luis Peláez Casalderey. 02-02-1974.

Autor descoñecido (Foto Pako?) /

AMI Concello do Porriño

Abaixo: Carta do empresario José Fernández López a Antonio Paz Valverde

comunicaba que non existía inconvinte algún “en que se sirva del poema “Carro” para crear su composición para canto y piano”. Uns días despois, Francisco Pinzón Jiménez, en representación dos herdeiros do poeta Juan Ramón Jiménez respostaba –tamén positivamente⁴⁵- á solicitude de autorización para rexistrar a composición musical de Antonio Paz “Adolescencia” sobre texto de igual título do poeta andaluz.

Sen dúbida, deberon existir moitas máis comunicacións entre o compositor e a extensa lista de poetas (ou os seus herdeiros) cos que traballou aínda que só citemos estas cartas que foron conservadas. E, por suposto, debemos indicar que houbo outro tipo de correspondencia relacionada coas obras e coa coral como a establecida polo “misionero de emigrantes”, Juan María González, que dende Bielefeld dicía: “Un buen amigo de Porriño, trabajador aquí en Alemania, me obsequió a su vuelta de vacaciones de Navidad uno de los discos de la formidable Coral Polifónica del Círculo Recreativo de Porriño. Me alegró mucho con ello, sobre todo cuando he podido saborear la exquisita interpretación de las canciones tan logradas de D. Antonio Paz Valverde”⁴⁶. Outro exemplo é a breve misiva que o empresario José Fernández López enviaba en maio de 1972: “Yo tengo mucha deuda con el pueblo de Porriño y me agrada cumplirla a través de una entidad que tanta labor cultural está haciendo como es el Círculo Recreativo en la que tiene Ud. un papel tan destacado”⁴⁷.

Como adiantamos, a relación con Manuel María deixou máis vestixios que os anteriores e comeza, tamén en 1969, co envío por parte de Antonio Paz dunha partitura co poema do poeta chairego.

“Meu querido amigo: Recibín a fotocopia da miña canción, quero decir, da canción con letra miña, “O asubío” e foi unha grata sorpresa. Moitas gracias. É unha pena que eu non sepa música para poder coñecer a canción. Pero algún día a escoitarei.

Dende logo que pode facer o que queira coa letra: cantala en público, grabala, etc. Ten tódalas miñas autorizacións precisas.

Por correo certificado remésolle un exemplar do meu libro TERRA CHA.

Celebro moito ter estas relacións con vostede. Si valgo para algo xa sabe onde me teñen.

Téñame por amigo certo. Unha cordial aperta, Manuel María”⁴⁸.

O agradecemento será unha constante nestes breves textos do poeta. Agradecemento ao compositor que sempre extenderá ás interpretacións dos cantores e das cantoras e, ao mesmo tempo, un ofrecemento humilde (“se valgo para algo...”) para colaborar na tarefa artística. Sempre remata cunha personalizada valoración da amizade como resposta aos envíos de comunicación de Antonio Paz respecto ás obras conxuntas que foron O asubío, O cuco, Os números e Verbas á miña nai. Esmorecendo o 1969 o poeta reflexiona ademais sobre o fenómeno musical Voces Ceibes.


“Meu distinguido e querido amigo: Moitas gracias polos tres discos que recibín esta mañá i escoitei varias veces, grabados recentemente por esa Polifónica que vostede dirixe con tan bó senso i acerto. E moitas gracias tamén pola música e pola grabación do meu poema O ASUBÍO que quedou moi ben. Rogolle transmita a miña gratitude a solista María Rita Iglesias que tan ben canta os meus versos. E tamén moitísimas gracias a vostede pola música e por inxerir os meus versos no disco. De tódalas cancións que grabaron coido está moi ben a de Cunqueiro.

Agora que se está intentando unha nova canción moderna en galego, coido que é moi interesante –fundamental- unha renovación da nosa música polifónica, que se estaba quedando con letras de poetas do século pasado e con poemas populares. O intento feito por vostede de utilizar versos de poetas actuales é un indudabel e importante acerto. Penso que a súa laboura pode ser renovadora, fecunda e importante prá nosa cultura. Compre, pois, non desmaiar no camiño emprendido. [...]

Tomo a liberdade de lle mandar ese vello caderno de cantigas que escribín hai anos. Coido que moitas delas son musicables. Vostede ten a palabra.

Moitas gracias por todo. Xa sabe onde me ten a súa disposición, vostede i esa Coral, si en algo son de utilizade.

Un cordial e garimoso saúdo do seu bó i agradecido amigo, Manuel María”⁴⁹.



Carta extraída da correspondencia entre o poeta Manuel María e o compositor Antonio Paz.
AMI Concello do Porriño

Nesa mesma época o director encargoulle un texto que non chegou a atopar inspiración: “Intentei escribir a “habanera” que me pide, pero non me saliu nada nin siquer medianamente pasabel. [...] A ver si noutra ocasión temos mais sorte”⁵⁰. Uns anos despois, en 1994, contesta de novo: “Querido amigo: Moitas gracias por musicarme eses poemas. O “Números” non o localizo”⁵¹. E solicita copia das partituras antes de rematar. “Unha aperta do vello e agradecido amigo Manuel María”. No ano 2002 Antonio dá conta doutro texto poético –Verbas a miña nai- interpretado no concerto de Teresa Novoa e Alejo Amoedo en xuño de 1998 entre as “9 canciones de A. Paz Valverde”. Realmente enviaba unha gravación en video do concerto. “Mis mejores deseos para usted y los suyos y, aunque tarde, mi felicitación sincera por su nombramiento como miembro de la Real Academia Gallega”⁵². A resposta de Manuel María é unha felicitación de Nadal cunha alusión ao fuel do Prestige (“fuelar”) que naqueles meses ennegrecía Galicia enteira.

“Amigo Paz Valverde: Moi agradecido e ledo co video que me enviache e tamén pola fermosa música que lle puxeche ó meu poema polo que teño un especial cariño. Tamén me gustou moito -e agradezo fondamente- a interpretación.

Xa vou entradiño en anos e na Academia case nada podo facer. Cumpría levaran xente mais nova e preparada que a dinamizaran. Estimo moito e agradezo a tua felicitación.

Apertas sen “fuelar”. Manuel María⁵³.

Difusión e versións da obra de Antonio Paz Valverde

A produción do artista porriñés, no seu conxunto, ten sido altamente valorada pero son, sen dúbida, as súas cancións galegas as que acadaron unha difusión extraordinaria. Na revista Galicia Cantat, da Federación Coral Galega, lembraban: “algunhas das suas composicións para Coro foron auténticos “hit-parades”, no mundo Coral galego como foi o caso do berce: *O neno dormía*”. Podemos hoxe matizar que esta difusión foi nalgúns casos máis aló do propio ámbito do coralismo penetrando en estilos tan diversos como o folc, a música de cantautor (Carlos Núñez, María Manuela, María do Ceo) óu –excepcionalmente- as músicas urbanas da mocidade. O que relatamos a continuación é unha pequena mostra, sen carácter exhaustivo, de pezas versionadas ou gravadas por outros artistas considerando que ista é unha proba evidente da aceptación constantemente renovada por parte do público e da propia comunidade musical que valora e selecciona estas melodías.

No tocante ás pezas gravadas por outros coros, efectivamente, *O neno dormía* é a máis representada. Nun momento histórico en que a Coral Casablanca de Vigo e a propia Coral Polifónica do Porriño eran as referencias relevantes do sur de Galicia, coas inevitábeis comparacións e rivalidades que o público establecía, a agrupación viguesa grava a versión deste berce no seu disco *Galicia esperta*⁵⁴ de 1978. En 1987 faíno a Agrupación C. Endesa de As Pontes. En 1990 a C. De Ruada de Ourense en *Panxoliñas e cantos de Nadal*, e volven incluíla en 1995 noutro rexistro. En 1996, a C. P. Queixumes de Hio e, tamén, A C. P. de Quiroga. En 2002, a Coral Padronesa. En 2005, unha coral vasca, Ondarreta Abesbatza (Coro de Bilbao). En 2007 é o Coro de Oleiros.

Era un airiño soave foi versionada en vinilo polo C. de Castrelos vigués⁵⁵ en 1989 e por unha coral catalana, Grup Coral CenGaLlei, en 2007. Este coro de Lleida inclúe tamén *O Cuco* que xa fora publicada⁵⁶ tamén –parece que en Logroño- no disco que recollía a *VI Muestra estatal de agrupaciones musicales* promovida pola ONCE en 1999. Outra obra, *Eu ben sei dunha fontela* ten a súa interpretación noutro disco⁵⁷ da Coral Casablanca (*As cantigas da terra e do mar*, que volve incluír *O neno dormía*) de 1995 e na C. P. Soutomaíor, 1997.

Como dixemos, fora do ámbito do coralismo, tamén se amosou interese por pezas como *María Soliña* que xa fora gravada pola C. Lestonnac de Cangas⁵⁸ na súa homenaxe a Castela de 1986. O poema de Celso Emilio Ferreiro con música de Antonio Paz tamén foi incluído por Carlos Núñez en *Os amores libres* de 1999. Tereza Salgueiro –a fermosa voz dos portugueses Madreus- interpretou esta melodía en dueto con Carlos Núñez no seu primeiro disco en solitario, *Obrigado*, de 2005. Recentemente, a cantante María do Ceo utiliza esta peza en *No bico un cantar* editado no 2008 e incluso unha artista pop que pasou polo programa televisivo Operación Triunfo, Eva Carreras, interpretouna en *Aries imperfecto* de 2009. Outra cantora galega, María Manuela, recollía outra fermosa melodía, *Só quedeime* no disco homenaxe⁵⁹ a quen fora compañeiro sentimental e musical que leva por título *Para Miguel*, publicado en 1999.

Unha mención especial debemos facer do disco *Palabras liberadas* editado pola Biblioteca Municipal do Porriño no 2008. Neste insólito e magnífico traballo dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, diversos músicos porriñeses e as gravacións históricas da Coral Polifónica (*Era un airiño soave*, *Ao ver que non tiñas nome*) conviven nun diálogo feliz de xéneros musicais baixo o camiño pioneiro que iniciara Antonio Paz poñendo melodías ás palabras do poeta nacido en Tui.

Todas estas referencias de materiais fonográficos non esgotan a presenza da obra creativa de Antonio Paz noutras interpretacións musicais. Aparte das gravacións atopamos en repertorios de



Palabras liberadas editado pola Biblioteca Municipal do Porriño no 2008

